



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

ACTA Nº 11	PLENO DO CONCELLO	
DATA DA SESIÓN: 27.11.2015	CARACTER: ORDINARIA	CONVOCATORIA: PRIMEIRA
LUGAR: SALÓN DE PLENOS	HORA: 20:00 HORAS	

PRESIDE: D. ANTONIO LOMBA BAZ - ALCALDE (PSdeG - PSOE)

ASISTENTES:

D ^a . M ^a MONTSERRAT MAGALLANES ALVAREZ	PsdeG-PSOE
D. MIGUEL A. ESPAÑOL OTERO	PsdeG-PSOE
D ^a . ELENA BAZ RODRIGUEZ	PsdeG-PSOE
D. MANUEL JAVIER CRESPO GONZALEZ	PsdeG-PSOE
D ^a . M ^a TERESA VICENTE BAZ	PsdeG-PSOE
D. PAULINO RODRÍGUEZ GONZALEZ	PsdeG-PSOE
D ^a . M ^a DE LA CONCEPCIÓN ORTEGA MARTINEZ	PP
D. JOSÉ CARLOS CASTRO MARTINEZ	PP
D. ROBERTO JOSÉ ALVAREZ CARRERO	PP
D ^a . ELENA ACEVEDO ROLÁN	PP
D. OSCAR ALONSO ALVAREZ	PP
D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE	BNG
D. XAN LOIS LOMBA ALONSO	BNG
D ^a . M ^a MERCEDES MARTINEZ VAZQUEZ	BNG
D. CELSO J. RODRIGUEZ FARIÑAS	CG
D ^a . M ^a DE FÁTIMA IGLESIAS FERREIRA	Non Adscrita

JOSE CARLOS MARTINEZ CRESPO	SECRETARIO ACCTAL.
ANA LLORCA MANEIRO	INTEVENTORA XERAL

Antes do comenzo coa orde do día o sr. Alcalde informa que se vai gardar un minuto de silencio polas vítimas de violencia de xenero (solicitado por D. Xerman Cordero Verde, coordinador de CCD), así como tamén polas vítimas dos atentados de París e polo recente pasamento do Xosé Neira Vilas.

Rematado o minuto de silencio, o Sr. Alcalde felicita ó axente da Policía Local Pablo Alvarez Alvarez polos seus 25 anos de servizo. da conta dun escrito presentado por Jose Benito Alonso da Costa solicitando un turno de palabra para falar sobre un asunto de instalación dun depósito de GLP. Infórmalle que poderá intervir unha vez rematados os asuntos que conforman a orde do día.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

PUNTO 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (ORD. 24.09.2015)

O sr. Alcalde pregunta os concelleiros se teñen algunha observación que facer a acta da sesión plenaria do día 24 de setembro de 2015, respondendo todos negativamente excepto o sr. Rodríguez Fariñas que di que a súa intervención respecto a moción sobre a conservación do colexio dos Xesuitas na Pasaxe está resumida nunha soa frase e pide que conste na acta a súa exposición completa que xa lla entregou ó secretario. Solicita tamén unha copia da grabación do pleno.

Introdúcese a intervención completa do Sr. Rodríguez Fariñas que é como sigue:

I.- *Con data 28 de marzo de 2.009 (Rexistro de entrada núm. 2048), Dona Alicia Pazos Castro, presenta ante este Concello denuncia de protección da legalidade urbanística polo estado de abandono, a invasión da maleza en todo o seu contorno, a falta de mantemento e ornato do "COLEXIO DE LOS JESUITAS", propiedade da Compañía de Jesús. Non hai resposta.*

II.- *Con data 07 de abril de 2.011, o arquitecto municipal (a petición da Xunta de Goberno Local) emite o correspondente informe no que, entre outras, no punto 4. CONCLUSIONES, di:*

"1.- Por todo o antedito se considera real a situación denunciada, no relativo ó de abandono do inmovible, tanto das edificacións existentes como da vexetación na parcela que as circunda".

III.- *Con data 03 de maio de 2.011, o Alcalde, ditou RESOLUCIÓN, ordeando á Compañía de Jesús no prazo dun mes contado a partir do recibo da presente, proceda á solicitude de licenza para a execución das obras necesarias para a conservación do Colexio dos Jesuitas da Pasaxe, baixo el apercibimento de que, de non realizalo, o Concello procederá a súa execución subsidiaria mediante a imposición de multas coercitivas reiterables ou ben mediante o envío de operarios a esta finca co fin de realizar os traballos de limpeza, procedendo acto seguido a reclamarlles os custes de ditos traballos.. O incumplimento deste requerimento dará lugar á incoación dos oportunos expedientes de reposición da legalidade e sancionador".*

IV.- *Con data 05 de maio de 2.011, o Concello remitiu a anterior RESOLUCIÓN á Compañía de Jesús que a recibiu o día 09 de maio de 2.011.*

V.- *Con data 14 de xuño de 2.011, a Compañía de Jesús, presentou escrito que manifesta:*

"(...) SEGUNDO.- (...).

Por otro lado, la Compañía de Jesús está solicitando distintos presupuestos a distintas empresas y profesionales del sector al objeto de acometer las obras de conservación solicitadas. En el momento que exista una entidad seleccionada para realizar las obras señaladas se solicitará la oportuna licencia de obras municipal para la ejecución de las medidas de conservación y reparación.

En todo caso, la intención de la Compañía de Jesús es iniciar las obras a la mayor brevedad posible, preferentemente, durante los próximos meses de julio y agosto de 2.011".



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

VI.- Con data 22 de xuño de 2.011, a Compañía de Jesús, presentou ante este Concello escrito no que *“SOLICITA:*

Licencia de obras menores en base al presupuesto de la empresa Obras y Reformas Galis, S. L. con fecha 17 de junio de 2011”.

Considérase que a licenza de obras menores non é legal.

VII.- A instancia da Alcaldía en relación coa denuncia de data 30.06.2.012 presentadas ante este Concello por Doña Alicia Pazos Castro, redactouse polo arquitecto municipal o correspondente informe suficientemente expresivo no que se constata a veracidade dos feitos denunciados.

VIII.- Con data 28 de maio de 2.012), a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo, remitiu a este Concello *“RESOLUCIÓN DE CADUCIDADE”* do expediente IDG/ra 647/11, que foi recibido o día 30 de maio de 2.012.

IX.- Con data 20 de agosto de 2.012, mediante *“PROVIDENCIA DA ALCALDÍA”* en relación coas denuncias presentadas por Doña Alicia Pazos Castro, de datas 28.03.09 e 29.01.11, sobre o estado no que se atopa o edificio do Colexio dos Jesuitas e os terreos que o circundan.

SOLICITO: Que por parte do arquitecto municipal se redacte informe técnico sobre os feitos denunciados.

X.- Con data 13 de decembro de 2.012 pola Compañía de Jesús presentouse escrito neste Concello, no que se DI:

“ADJUNTO ESCRITO SOLICITADO POR LA CONCEJALÍA DE VÍAS Y OBRAS REFERENTE A REPARACIÓN DE EDIFICIO ANTIGUO COLEGIO Y CAPILLA EN CAMPOSANCOS”.

En el mentado documento acompañado, sentencia:

“El presente escrito ha sido solicitado por parte de la Concejalía de Vías y Obras del Ayuntamiento de la Guardia, con motivo de las actuaciones realizadas, con fecha 15 de julio de 2011, en el edificio del antiguo colegio y capilla de los Jesuitas...”

Las actuaciones que se describen a continuación se realizaron con carácter de urgencia, debido al riesgo existente por el grave estado de deterioro del inmueble y la posible venida de temporal y lluvias. Esta decisión se tomó en base al asesoramiento y valoración del riesgo existente por parte de nuestros técnicos, que realizaron una inspección visual del inmueble.

XI.- Dimanante da petición formulada pola Alcaldía-Presidencia de data 20.08.12, o arquitecto municipal con data 15 de xaneiro de 2.013, emitiu o correspondente informe do que, entre outros aspectos, queremos poñer en relieve:

Do apartado 3.1.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

“Na visita de data 23.08.12, puidose comprobar que na fachada sur foron eliminados os restos existentes de material bituminoso que se desprendían da mesma e se pecharon con paneis ocos das ventanas eliminando os restos das carpinterías existentes.

-Non consta a existencia de licenza municipal de obras menores Para executar estas obras no inmovible catalogado.

XII.- *Con data 13 de febreiro de 2013, (DECRETO 0100/2013) o Alcalde ditou RESOLUCIÓN con base, por un lado, ó informe de data 24 de xaneiro de 2013, realizado polo arquitecto municipal e, por outro, a instancia da Secretaría do Concello, que redactase informe para determinar o grao de cumprimento da orde de execución 0248/2011 de data 3.05.11.*

No ano 2015 solicitouse acceso ó expediente e foi cando se comprobou que faltaba un documento; vimos a pedir que se incoen os expedientes de reposición da legalidade urbanística e sancionador contra os propietarios do edificio que foi o COLEXIO “SANTIAGO APOSTOL

Pola súa banda a sra. Iglesias Ferreira agradece o esforzo do secretario por recoller na acta as súas intervencións con maior exactitude.

Sometida a votación a **acta de 24.09.2015, coa corrección antedita** foi aprobada pola **UNANIMIDADE** dos presentes: Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**17 votos a favor**).

PUNTO 2.- DAR CONTA DOS DECRETOS

A señora Iglesias Ferreira dase por enteirada.

O señor Rodriguez Fariñas dase por enteirado.

O sr. Baz Vicente dase por enteirado.

A sra. Ortega Martínez dase por enteirada.

O sr. Español Otero dase por enterado.

PUNTO 3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO PADROADO MUNICIPAL DE SANTA TREGA.

O sr. Alcalde da lectura á seguinte proposta da Alcaldía:

“Visto o informe conxunto de Secretaría e Intervención, así como o proxecto de estatutos aprobados polo Pleno do Padroado Municipal de Santa Trega, e de acordo co estipulado



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

nos propios estatutos e no artigo 85bis 1a) da Lei de Bases de Réxime Local, esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación dos Estatutos do Padroado Municipal de Santa Trega que quedarán redactados do seguinte xeito:

ESTATUTOS PADROADO MONTE SANTA TREGA

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1º.-

No ámbito da competencia municipal que con carácter xeral se sinala nos correspondentes artigos da Lei de Bases de Réxime Local e artigos 85 ó 88 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, o Concello da Guarda constitúe o Organismo Público Autónomo denominado PADROADO MONTE SANTA TREGA do que forman parte o propio Concello e as Comunidades Veciñais de Montes en Man Común da Guarda e de Camposancos.

O Padroado ten personalidade xurídica propia e patrimonio especial e establece o seu domicilio na Praza do Reló, nº 1 da Guarda.

ARTIGO 2º.-

A finalidade xenérica deste Padroado é a conservación, protección e valorización do Monte Sta. Trega no seu conxunto, nomeadamente os restos arqueolóxicos declarados Ben de Interese Cultural no 1931 e o Museo Arqueolóxico de Sta. Trega (MASAT) tamén declarado BIC no 1962.

Como finalidades específicas, ten as seguintes:

- a) Organizar actos encamiñados á promoción do turismo no Monte Trega.*
- b) Realizar accións e xestións dirixidas á protección, mellora, conservación e valorización do Monte Santa Trega.*
- c) Editar directamente ou en colaboración con outras entidades publicacións referidas ó Monte.*
- d) Promover actuacións de investigación, consolidación e mellora dos xacementos arqueolóxicos existentes no monte.*
- e) Coordinar con outras administracións, organismos públicos ou privados, entidades nacionais ou estranxeiras e universidades aquelas actuacións de interese para os fins deste Padroado.*
- f) En xeral, impulsar ou coordinar cantos asuntos relacionados co Monte de Santa Trega, dende un punto de vista arqueolóxico, turístico, paisaxístico, forestal, ambiental ou de servizos sexan de interese.*

En ningún caso o Padroado terá facultade de intervención sobre as concesións que as Comunidades de Montes outorgaran como propietarias dos citados monte veciñais salvo autorización expresa das Comunidades e demais titulares do Monte.

ARTIGO 3º.

Para o cumprimento das súas finalidades, o Padroado rexerá polo previsto nestes Estatutos, e no non previsto neles, polas normas legais e regulamentarias referentes ás entidades locais ou ás carácter administrativo e civil que lles sexa de aplicación.

CAPÍTULO II. DOS ÓRGANOS ADMINISTRATIVOS E DE GOBERNO

ARTIGO 4º.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O goberno e a administración do Padroado estarán a cargo dos seguintes órganos persoais e colexiados:

- O Presidente ou Presidenta*
- Unha Comisión Permanente*
- O Pleno do Padroado*

Sección Primeira: DO PRESIDENTE

ARTIGO 5º.

Exercerá como Presidente o Alcalde ou Alcaldesa da Guarda. De consideralo oportuno, o Alcalde ou Alcaldesa poderá delegar a Presidencia do Padroado nun Concelleiro ou Concelleira do Concello da Guarda.

ARTIGO 6º.

Ao Presidente correspóndenlle as seguintes atribucións:

- a) Dirixir o goberno e a administración do Padroado.*
- b) Representar legalmente ó Padroado en toda clase de actos e contratos, ante calquera autoridade, organismo ou particular, así como exercer toda clase de accións encamiñadas á defensa dos intereses do Monte Santa Trega.*
- c) Convocar, e presidir as sesións do Pleno, e da Comisión Permanente, resolvendo os empates co seu voto de calidade.*
- d) Dirixir, inspeccionar e impulsar os servicios e obras municipais.*
- e) O desenrolo da xestión económica de acordo co Orzamento aprobado, dispoñer gastos ata 18.000,00 euros, concertar operacións de crédito con exclusión das contempladas no artigo 177.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, sempre que estén previstas no Orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o 10% dos recursos ordinarios, salvo os de tesourería que le corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, ordenar pagos e rendir contas, todo de conformidade co Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.*
- f) Aprobar as bases para a selección de persoal e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.*
- g) Desempeñar a xefatura superior de todo o persoal, e acordar o seu nomeamento e sancións, e o despido do persoal laboral, dando conta ao Pleno neste último caso, na primeira sesión que celebre.*
- h) Adoptar personalmente, e baixo a súa responsabilidade, no caso de catástrofe ou de infortunios públicos ou grave risco os mesmos, as medidas necesarias e adecuadas dando conta ao Pleno.*
- i) A aprobación dos proxectos de obras e de servicios cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estén previstas no orzamento.*
- j) Ordenar a publicación, execución, e facer cumprir os acordos do Padroado.*
- k) Todas aquelas funcións que non estean expresamente atribuídas ó Pleno do Padroado ou á Comisión Permanente.*

Sección Segunda: DA COMISIÓN PERMANENTE

ARTIGO 7º.

Composición. A Comisión Permanente estará integrada por un Presidente e dous vocais.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- *Exercerá como Presidente o Alcalde ou Alcaldesa do Concello da Guarda ou o Concelleiro ou Concelleira no que delegue.*
- *Exercerán como vocais un dos representantes da Comunidade de Montes de Camposancos no Pleno do Padroado e un dos representantes da Comunidade de Montes da Guarda no Pleno do Padroado.*
- *Poderá participar nas reunións da Comisión, con voz e sen voto, calquera membro do Padroado se, entre as cuestións a tratar, figura algunha que é materia competente da institución ou organismo ó que representa.*

ARTIGO 8º.

Competencias. Son competencias da Comisión Permanente:

- a) *Inspeccionar o estado de conservación dos bens e das instalacións.*
- b) *Promover e coordinar actuacións de recuperación, conservación e mantemento dos distintos espazos forestais, vías e estruturas arqueolóxicas.*
- c) *Formular planos de actuación e sometelos á aprobación dos órganos administrativos con competencia na materia.*
- d) *Todos os asuntos que expresamente lle delegue o Pleno do Padroado.*

ARTIGO 9º.

A Comisión Permanente celebrará reunións con carácter ordinario cada catro meses, e con carácter extraordinario sempre que así sexa convocada polo Presidente ou cando o soliciten dous dos seus membros.

Sección Terceira: DO PLENO DO PADROADO

ARTIGO 10º.

Composición. O Pleno do Padroado estará integrado polos seguintes membros:

- a) *Presidente ou Presidenta: o Alcalde ou Alcaldesa do Concello da Guarda segundo o establecido no artigo 5º.*
- b) *Vocais:*
 - *Un Concelleiro de cada grupo político con representación no Concello da Guarda, nomeados polo Pleno do Concello a proposta de cada un dos grupos políticos do mesmo.*
 - *Dous representantes da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Camposancos.*
 - *Dous representantes da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da Guarda.*
 - *Un membro designado pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.*
 - *Un membro da Consellería de Medio Rural*
 - *Un representante da Deputación Provincial.*
 - *Un representante da Entidade Local Menor de Camposancos.*
 - *Un representante da Irmandade do Clamor.*

ARTIGO 11º.

O Pleno do Padroado reunirse en sesión ordinaria unha vez ao ano e en sesións extraordinarias sempre que sexa convocado polo seu Presidente ou Presidenta ou cando o soliciten a cuarta parte dos seus membros.

ARTIGO 12º.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Son competencias do Pleno do Padroado as seguintes:

- a) *O control e fiscalización dos órganos de goberno.*
- b) *A aprobación e modificación dos orzamentos, e a aprobación das contas, para elevalas ao Pleno do Concello para a súa aprobación definitiva.*
- c) *A disposición de gastos en materias de competencia do Pleno.*
- d) *A aprobación da plantilla de persoal e da relación de postos de traballo e a fixación da contía das retribucións fixas e periódicas, para levalas ao Pleno do Concello para a súa aprobación definitiva.*
- e) *Fixar a contía do prezo público correspondente á visita ó Conxunto Histórico Monte Santa Trega, debendo ser aprobada definitivamente polo Pleno do Concello.*
- f) *A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do Orzamento, salvo as de tesourería, que le corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, todo de conformidade co Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.*
- g) *A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sea ompetente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estén previstas no orzamento.*
- h) *Formar o inventario do Padroado e mantelo actualizado mediante a súa rectificación anual.*
- i) *Aprobar os convenios de colaboración con outras entidades, públicas ou privadas.*
- j) *Reformar os presentes estatutos.*
- k) *Aprobar as normas de réxime interior e servizos do Padroado con arranxo aos conceptos legais e procedementais*
- l) *Propoñer concesións para aproveitamento de bens afectos ó Padroado, as que se levarán a cabo previa aprobación polas propias Xuntas Veciñais de Montes en Man Común e conforme a lexislación da súa referencia.*
- m) *Ratificar ou rectificar acordos doutros órganos de goberno do Padroado que se estimen prexudiciais ou contrarios a outros adoptados polo Pleno do Padroado.*
- n) *Todas aquelas facultades que non lle estean expresamente encomendadas e que de forma expresa lle atribúa a normativa vixente sobre organismos autónomos.*

ARTIGO 13º.

Os cargos da Comisión Permanente e do Pleno do Padroado non percibirán retribucións específicas, sen prexuízo de que os seus membros poidan percibir aquelas que en concepto de desprazamento e dietas ou por dedicación especial se acorden.

Todos os membros dos órganos de goberno do Padroado exercerán o seu mandato mentres ostenten a representación do cargo polo que foran elixidos.

ARTIGO 14º.

En todo o relativo á convocatoria, celebración e funcionamento a Comisión Permanente e o Pleno do Padroado suxeitaranse ó disposto nestes Estatutos, e con carácter supletorio ó que estableza a normativa de réxime local.

CAPÍTULO III.- DO PERSOAL DO PADROADO

ARTIGO 15º.

O persoal ó servizo do Padroado estará integrado por:

- a) *Secretario ou secretaria. Será o/a do Concello. As súas funcións serán as establecidas con carácter xeral no regulamento de Funcionarios de Habilitación Xeral, correndo a cargo do Padroado o abono das súas funcións.*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- b) *Interventor ou interventora. Será o/a do Concello. As súas funcións serán as establecidas con carácter xeral no Regulamento de Funcionarios de Habilitación Xeral, actuando tamén como tesoureira, correndo a cargo do Padroado o abono das súas funcións.*
- c) *Outro persoal. O seu número, categoría, funcións e soldos determinaranse no cadro de persoal aprobado polo pleno do Concello. Estará integrado polo persoal laboral contratado polo Padroado de conformidade coas normas que para este tipo de persoal se obriga aos entes locais e os soldos e emolumentos estableceranse anualmente polo Padroado e figurarán en documento anexo ós orzamentos do mesmo, correndo en todo caso a cargo dos citados orzamentos.*

CAPÍTULO IV.- PATRIMONIO E RÉXIME ECONÓMICO

ARTIGO 16º.

O Patrimonio do Padroado estará constituído por:

- a) *O capital fundacional 6000 €*
- b) *Polos demais bens que o Padroado adquira por calquera título lexítimo.*

ARTIGO 17º.

Os recursos económicos do Padroado estarán constituídos por:

- a) *As doazóns ou subvencións que reciba de calquera entidade pública ou privada.*
- b) *Polas tarifas aplicables ós servizos que presta, incluído en todo caso o prezo público da visita ó Monte Santa Trega.*
- c) *Por calquera outro ingreso que puidera corresponderlle.*
- d) *Polo importe dos anticipos e préstamos que obteña.*

ARTIGO 18º.

Para acudir a operacións de crédito o Padroado deberá cumprir a totalidade da normativa aplicable ao endebedamento das entidades locais, sendo competencia do Pleno ou do Presidente a súa concertación segundo a distribución de competencias establecida nos artigos 6 e 12 dos Estatutos.

ARTIGO 19º.

O orzamento do Padroado será formado polo seu Presidente e ao mesmo deberá unirse a totalidade da documentación esixida no artigo 168.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, debendo remitirse antes do 15 de setembro de cada ano ao Concello.

Para a elaboración do orzamento consignaranse os créditos necesarios para atender a totalidade das obrigas do Padroado e os ingresos que se vai estimar percibir no exercicio.

A diferenza entre os gastos obrigatorios e as previsións totais de ingresos, destinarase a partes iguais entre a Comunidade de Montes en Man Común de Camposancos, a Comunidade de Montes en Man Común da Guarda e o Concello, de conformidade co seguinte procedemento:

- 1.- *Consignarase nos orzamentos no capítulo 4 o 50% da cantidade destinada ás transferencias ás entidades anteriores e no capítulo 7 o outro 50%.*
- 2.- *Antes do 30 de xuño do exercicio seguinte, cada unha das entidades deberá presentar un proxecto de gastos a realizar no Padroado coa cantidade consignada no Orzamento para as mesmas, que deberá reverter en actuacións de limpeza, conservación e melloras no Monte.*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

3.- O presidente do Padroado aprobará o proxecto presentado por cada unha das entidades e levará a cabo as modificacións de crédito necesarias no orzamento para poder afrontar o pago a cada unha delas.

4.- Antes do 15 de decembro de cada ano, e para que o Padroado proceda a transferir a cantidade consignada nos orzamentos para as transferencias finalistas, o Concello da Guarda, a Comunidade de Montes en Man Común de Camposancos, e a Comunidade de Montes en Man Común da Guarda deberán presentar:

- Certificado de atoparse ao corrente no pago das obrigas co Estado, Xunta, e Seguridade Social.
- Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas.
- Memoria final detallada das obras ou servizos efectivamente realizadas de conformidade co proxecto aprobado no seu día polo Presidente.
- Memoria económica que incluía resume detallado dos gastos efectuados na realización do proxecto.
- Orixinais e fotocopias das facturas, recibos, nóminas, tributos e cotas á Seguridade Social e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa correspondentes á subvención concedida. Así mesmo acompañarase xustificante de terse realizado o pago dos mesmos, pago que deberá efectuarse mediante tranferencia bancaria.

ARTIGO 20º.

O Padroado realizará e aprobará antes do 15 de febreiro de cada ano a liquidación do orzamento do ano anterior e en unión coa totalidade da documentación esixida no Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, o elevará ao Concello antes do 20 de febreiro seguinte.

ARTIGO 21º.

O Padroado poderá transferir os bens adquiridos polo mesmo co propósito de devolvelos ó tráfico xurídico, de acordo cos seus fins peculiares e coas limitacións, en canto a bens inmóbles, que establece a Lei 13/1.989, de 20 de outubro, aprobada polo Parlamento Galego, e sempre que estes entresen a formar parte da cualificación e natureza xurídica que lle foi asinada ao Monte Santa Trega, en aplicación desa Lei e resolución clasificatoria do xurado Provincial.

CAPÍTULO V. FUNCIONAMENTO E RÉXIME XURÍDICO

ARTIGO 22º.

O Concello poderá suspender os acordos do Pleno do Padroado cando estime que recaen sobre asuntos que non sexan da súa competencia ou constituán infracción manifesta das leis. A fiscalización e réxime de suspensión e impugnación dos acordos queda sometida ó réxime xeral establecido para os acordos das Corporacións Locais.

ARTIGO 23º.

O Concello da Guarda poderá examinar en calquera momento por medio dos seus funcionarios e técnicos a marcha dos servizos administrativos e contables do Padroado e comprobar a correcta aplicación dos medios económicos e materiais que se lle tiveran facilitado.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ARTIGO 24º.

Os acordos do Pleno do Padroado non necesitarán ser ratificados polo Concello, a non ser que así se determine nestes Estatutos ou veña preceptuado por imperativo legal.

ARTIGO 25º.

Os acordos dos órganos reitores do Padroado non implicarán compromiso ningún para o Concello da Guarda máis alá do establecido na lexislación vixente, e se son adoptados en contradición con ela ou con estes Estatutos, serán responsables ós seus efectos económicos e de toda índole, as persoas que os votasen favorablemente.

ARTIGO 26º.

A Comisión e o Pleno do Padroado celebrará sesións ordinarias coa periodicidade que se establece nos artigos 9 e 11º. A convocatoria da Comisión e do Pleno corresponden ó seu Presidente e efectuaranse cunha antelación mínima de dous días hábiles, agás as urxentes. As convocatorias acompañaranse da acta ou actas que deban ser aprobadas na sesión. Os expedientes da sesión estarán a disposición dos membros dos órganos colexiados desde o mesmo día da convocatoria na Secretaría deste organismo autónomo para o seu exame e consulta.

ARTIGO 27º.

A válida celebración das sesións da Comisión Permanente requirirá a presenza de todos os seus membros. De non asistir todos eles será suficiente a presenza de dous dos seus membros en segunda convocatoria que se reunirán media hora máis tarde. Os asuntos aprobaranse por maioría simple dos presentes, decidindo os empates o voto de calidade do Presidente.

ARTIGO 28º.

A válida celebración das sesións do Pleno requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus compoñentes, en primeira convocatoria, e un mínimo de cinco membros en segunda convocatoria, media hora máis tarde. Os asuntos aprobaranse por maioría simple dos presentes, decidindo os empates o voto de calidade do Presidente.

ARTIGO 29º.

En todo o non previsto nos artigos anteriores no relativo ó funcionamento do Padroado, rexerán as disposicións de réxime Local, que regulan o funcionamento do Pleno do Concello.

ARTIGO 30º.

Os acordos do Pleno do Padroado e as resolucións do Presidente serán recorribles en alzada ante o Presidente da mesma, e os deste esgotarán a vía administrativa e serán executivos e impugnables ante os Tribunais competentes.

CAPÍTULO VI.- FACULTADES DE TUTELA DO CONCELLO

ARTIGO 31º.

O Concello exercerá a facultade de tutela mediante a aprobación por parte dos órganos que ao mesmo lle corresponden, e comprenderá as seguintes actuacións do Padroado:

- a) *Os plans xerais e programas periódicos de actuación*
- b) *O cadro de persoal e as súas modificacións*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- c) *A resolución das competencias e conflitos entre os órganos do Padroado*
- d) *Os consorcios, convenios e concertos que teñan como finalidade as finalidades que se sinalan no art. 2 dos presentes estatutos e, a celebrar cos órganos da Administración Central, Periférica, Autonómica ou Local, ou en xeral calquera Corporación Pública.*
- e) *Os orzamentos do Padroado*
- f) *O Regulamento de Réxime Interior*
- g) *A liquidación do orzamento e as contas anuais*
- h) *A apelación do crédito e a emisión de obrigacións*
- i) *Os demais supostos de tutela recoñecidos no articulado destes estatutos*

Esta función de tutela efectuarase en todo caso sen esquecer á que corresponden á administración autonómica ou estatal, ás que deberán someterse as actuacións previstas no Monte cando a lexislación así o esixa.

CAPÍTULO VII.- DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DO PADROADO

ARTIGO 32º.

A modificación destes Estatutos axustarase ós mesmos trámites esixidos para a súa aprobación.

ARTIGO 33º.

O Padroado constitúese por tempo indefinido e poderá ser disolto:

- *Cando o considere oportuno o Concello, con base nas facultades de aprobar as formas de xestión dos servizos que lle atribúe a vixente Lei de Bases de Réxime Local.*
- *Por terse realizadas as finalidades para as que se constituíu ou por ser xa imposible, aplicar a estas as actividades e os medios dos que dispoña, conforme establece o artigo 39º do Código Civil.*

ARTIGO 34º.

Unha vez extinguido o Padroado, reverterán nas Comunidades de Montes de Camposancos e da Guarda todos os dereitos reais e persoais que se constituirán ó amparo da presente situación, atribuíndo a titularidade dos mesmos á comunidade propietaria dos terreos onde se estableceran tales dereitos, e establecendo neste caso, as compensacións económicas respecto da outra comunidade para o suposto de que se establecese unha substancial diferenza económica por tal motivo.

E, en canto ós demais bens e dereitos que conforman o patrimonio do Padroado e que non estean ou pertencen ós Montes Veciñais de Camposancos ou da Guarda, repartiranse a partes iguais entre o Concello da Guarda, Comunidade de Camposancos e Comunidade de Montes da Guarda. Debendo así mesmo quedar desafectados todos aqueles bens, dereitos e accións que formen parte integrante dos montes veciñais, dos que o ámbito territorial comprende o mesmo Padroado.

DISPOSICIÓN FINAL

ARTIGO 35º.

Os presentes Estatutos entrarán en vigor ó día seguinte da súa aprobación definitiva e tras cumprimentar os trámites de información pública e audiencia ós interesados ós que fai referencia o art. 49 de LBRL.

A modificación dos mesmos atárase ós trámites legais obrigados e poderá ser proposta polo Padroado ou por iniciativa do propio Concello.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

SEGUNDO.- Exponer ó público o presente acordo mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincial polo prazo de 30 días hábiles que contarán a partir do seguinte á publicación no BOP, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las alegacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.- As reclamacións presentadas serán resoltas polo Pleno do Concello, e de non existir, entederase definitivamente aprobado o acordo inicial, debéndose proceder, en todo caso, á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, e do texto íntegro dos Estatutos.

A Guarda, 17 de novembro de 2015.

O Alcalde

Antonio Lomba Baz"

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira recorda que descoñece ó acontecido no último tramo da lexislatura anterior pero dedúcese pola documentación que obra no expediente que houbo reclamacións e falta de consenso. Di que nas mesas nas que formou parte para a modificación dos estatutos pediuse as partes implicadas que formularan propostas e que moitas destas propostas non foron contestadas. Pregunta se foron contestadas as alegacións presentadas. Di que hai unha comunidade de montes que pediu unha copia do Plan Director do Monte e tampouco se lle facilitou. Di que ten dúbidas sobre o funcionamento do Padroado. E por último está latente o problema da COMunidade de Montes de Salcidos que pide a súa inclusión como membro do Padroado.

O sr. Rodriguez Fariñas di que xa manifestou na Comisión de Asuntos Plenarios as súas dúbidas sobre se o Padroado era unha figura de carácter municipal ou mixta ó pertencer a el entes de dereito privado como son as Comunidades de Montes. Di que, trala lectura de certos documentos que lles entregou a interventora, ten aínda mais dúbidas, e só por eso xa debería deixarse o asunto sobre a mesa. Independentemente deste punto hai que resolver a cuestión plantexada pola COMunidade de Montes de SALcidos sobre a súa incorporación ó Padroado, así como as cuestións plantexadas polas outras dúas comunidades de montes sobre o reparto dos cartos.

O sr. Lomba Alonso di que pensaba que había máis aceptación e consenso sobre todo por parte da Comunidades de Montes. Por esta razón consideran que habería que deixar isto sobre a mesa e "darle unha voltiña máis" na procura dun maior consenso. DI que, se o Xurado de Montes lle da a razón a COMunidade de Montes de SALcidos nas súas reivindicacións, habería que facer novamente outra modificación destes estatutos. Considera tamén que habería de chegar a maior acordo coas outras dúas comunidades de montes.

A sra. Ortega Martinez fai as seguintes preguntas á interventora:

- 1º.- Como é a xustificación dos pagos do Padroado ás Comunidades de Montes e como era antes?
- 2.- As facturas que se presenten deben ser inversións previamente aprobadas no padroado?
- 3.- No ano 2016 e cos actuais estatutos hai maneira de pagar as Comunidades de Montes?



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

4.- Sería posible a intervención do Padroado pola falta de legalidade?

A sra. Interventora informa que se estaban facendo transferencias ás Comunidades de Montes que os estatutos actuais non amparaban que tiñan que estar destinadas a inversión propostas. Cos novos estatutos establécese un sistema similar ó das subvencións, é dicir, se lle farán transferencias ás Comunidades de Montes previa presentación dun proxecto no que se explica en que van a gastar os cartos. Este gasto ten que ser aprobado por unha resolución, no pode ser discrecional. En definitiva, os novos estatutos veñen a dar amparo legal ós pagos que se facían de feito.

A sra. Ortega Martinez pregúntalle ó Alcalde o seguinte:

- Coñece a postura das comunidades de montes? Reuniuse con elas?
- que pasaría se a Comunidade de Montes de Salcidos gaña o litixio que mantén sobre as súas propiedades no Monte?
- Cal é a razón pola que se traen a aprobación os Estatutos neste momento?
- Cal é proceso para a súa aprobación e cando se lle podería pagar ás comunidades de montes con seguridade xurídica?

Remata dicindo que, en principio é partidaria de pospoñer esta aprobación ata que haxa un maior consenso pero quere oír a opinión do equipo de goberno ó respecto.

O sr. Crespo González explica que dede fai tempo se ven falando da necesidade de modificar os estatutos. Comezouse a traballar neste sentido e se lle deu participación a todos os que forman parte do Padroado organizando para elo varias reunión. Destas reunións saíu un borrador que contemplaba 3 aspectos fundamentais:

- Necesidade de actualizalos segundo as directrices do departamento técnico do Concello.
- Necesidade de facer uns estatutos máis operativos: para elo créase a comisión permanente.
- Necesidade de regularizar os pagos ás comunidades de montes de tal xeito que estas puideran xustificalas non só como inversión senón tamén como gasto corrente.

Estes estatutos foron aprobados no seo do Padroado cun só voto en contra. Presentáronse alegacións que foron desestimadas porque non tiñan sustento xurídico.

Respecto do asunto da COmunidade de Montes de SALcidos di que a súa incorporación ó Padroado terá que decidila o Pleno do Padroado unha vez acrediten fehacientemente a propiedade de terreos no Monte Santa Trega. Entende que non se pode incorporar a calquera que simplemente o pida. Se nalgún momento a Comunidade de Montes de SALcidos ten que formar parte do Padroado volveranse cambiar os estatutos.

Finalmente explica que foron as demandas das comunidades de montes as que motivaron a urxencia coa que se levou a cabo este proceso.

O sr. Alcalde di que houbo moitas reunión coas comunidades de montes. Esta mesma maña tiña unha reunión coas dúas comunidades de montes que forman parte do padroado e só se presentou a da Guarda (non a de Camposancos). Di que lle gustaría que se aprobaran estes estatutos por varias razóns , entre elas porque sabe de primeira man o que leva traballado neles o Sr. Crespo Gonzalez, pero sobre todo porque os novos estatutos vai facilitarlle as cousas as comunidades de montes por dúas vías:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Ata agora os gastos non se facían segundo os estatutos e eso provocaban reparos de intervención. NO novo estatuto recóllese a posibilidade de que destinen os cartos non só a inversión senón tamén a gastos correntes ou persoal.

Por outra banda, cos estatutos actuais a inversión ten que facela a Comunidade de Montes seguindo a proposta do Padroado, mentras que cos novos estatutos é a propia comunidade de montes a que decide o destino dos cartos.

Remata dicindo que, se a día de hoxe, unha comunidade de montes fai unha actuación sen ser proposta polo Padroado municipal, este non ten a obriga de transferirlle os cartos para elo. Se lle transfire este cartos é cun reparo de intervención porque non é legal o seu funcionamento. Polo tanto, o novo estatuto regulariza a situación que se produce de feito e anuncia que, dada a xudicialización da vida política, non vai levantar máis reparos.

A sra. Iglesias Ferreira pregunta que vai ocorrer co pago ás comunidades de montes deste ano se non se aproban os estatutos. Di que a ano pasado as comunidades de montes cobraron e a interventora era a mesma.

O sr. Alcalde di que hoxe mesmo ofrecéuselle á Comunidade de Montes que se presentou a reunión dúas posibles solución.

O sr. Rodríguez Fariñas di que os estatutos que se pretenden aprobar non melloran nada ós anteriores. Pregunta tamén cantas reunións se facían ata o de agora do Padroado. Di que os estatutos actuais falan da figura dun xerente que nunca se creou porque non había interese nin nas comunidades de montes nin no Concello. Por outra banda recorda que cando se incorporou á Hermandad del Clamor ou a Entidade Local Menor de Camposancos non se lle pediron papeis. DI que moitos dos textos que se incorporaron os estatutos non foron publicados no Boletín Oficial e polo tanto non son legais. Engade que non ten sentido que teña mais valor o voto do representante da Xunta de Galicia que o dos membros das Comunidades de Montes que son lexítimos propietarios.

O sr. Lomba Alonso fai unha precisión respecto da Comisión Permanente: di que esta está composta por un presidente e dous vocais que serían os presidentes das dúas comunidades de montes e pregunta que pasaría se hai que incorporar con posterioridade á COMunidade de Montes de Salcidos. Sinala que habería que darlle cabida e modificar de novo os estatutos. Finalmente di que o BNG detecta unha oposición unánime ós estatutos por parte das Comunidades de Montes polo que entente que non deben ser todo o beneficiosos para elas como o alcalde di.

A sra. Ortega Martinez di que a súa opinión sobre este asunto cambiou no día de hoxe polo feito de que unha das comunidades de montes nin siquiera se presentou a unha reunión que tiña esta mañá co Alcalde e a outra que ía a presentar unha moción de urxencia finalmente non a presentou.

O srs. Español Otero di que a premisa principal é que estes estatutos foron aprobados no Padroado cun só voto en contra. Di que a proposta de deixalo sobre a mesa non soluciona nada porque ata o de agora as cousas de viñan facendo mal o que propiciaba que houbera que levantar reparos e polo tanto eso hai que cambialo. Dile ó Sr. Rodríguez Fariñas que non ofrece nin unha soa razón pola que os novos estatutos son peores que os anteriores. Respecto da parroquia de Salcidos di que se incorporará ó Padroado o día que o seu pleno o decida sempre e cando acredite a titularidade de terreos no Monte Santa Trega.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O Sr. Crespo Gonzalez responde por alusións ó Sr. Rodriguez Fariñas e di que non se fai o que el di xa que fala sempre coas comunidades de montes. Di que incluso se levaron varias actuacións conxuntas. Engade que efectivamente o Padroado non funciona como debe funcionar, por eso se presente modificar os seus estatutos e melloralos. Remata dicindo que o Padroado ten sentido por que se trata de defender os intereses do monte sin menoscabar a autonomía da Comunidades de montes.

O sr. Alcalde recorda que hoxe procédese á aprobación inicial dos estatutos e se estes foran aprobados ábrese un prazo para presentar alegacións.

VOTACIÓN

Sometida a votación a proposta **é aprobada cos VOTOS A FAVOR** dos Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz e Rodríguez Gonzalez (sete votos a favor) , **CON VOTO EN CONTRA** dos Sres/as. Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (cinco votos en contra) e a **ABSTENCIÓN** dos sres/as Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, (cinco abstencións).

PUNTO 4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL Nº 5/2015

O sr. Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“Vistos os documentos que integran o expediente (a factura de Gas Natural Servicios SDG, S.A., por importe de 743,79 € e a factura de Incipresa S.A.U., por importe de 1.442,76 €, así como a acreditación da existencia de crédito dispoñible, mediante documento de retención de crédito número 2015014347, suficiente e axeitado para facer fronte ó recoñecemento das correspondentes obrigas.

Considerando que na súa tramitación cúmprense os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia (artículo 60 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, o artículo 50 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro e artículo 448 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril) e visto, así mesmo, o Informe de Intervención, propónse a adopción do seguinte acordo,

1º) Que se aprobe o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 5/2015 por importe total de 2.186,55 € co detalle das facturas que se relacionan na seguinte táboa:

TERCEIRO	NÚMERO FACTURA	DATA FACTURA	CONCEPTO	IMPORTE
GAS NATURAL SERVICIOS, SDG, S.A.	FE14321157185013	28/11/2014	Electricidade Cra Gándara 54 ALPU. Do 07/08/14 ao 04/09/14	743,79 €
INCIPRESA, S.A.U.	501037	30/01/2015	Reparación varios equipos Holmatro	1.442,76 €



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

2º) Que a aprobación deste gasto de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente correspondan.

O Pleno decidirá o que estime máis conveniente.

A Guarda, a 17 de novembro de 2015

O Alcalde

Asdo.: Antonio Lomba Baz"

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que sempre votou a favor nestes casos ou polo menos non impediu a súa aprobación pero neste caso chámalle a atención que se traía a recoñecemento unha factura presentada no ano 2015 e isto ofrécelle moitas dúbidas.

O sr. Rodriguez Fariñas sinala que xa manifestou a súa opinión na Comisión de Asuntos Económicos.

O sr. Baz Vicente di que o BNG entende que os traballos realizados hai que pagalos pero que están a espera de que se lles conteste a unhas preguntas que fixeron na Comisión:

1. como se adjudicou o servizo prestado por Incipresa que, segundo o informe de intervención, pode ser adquirido por un contrato menor?
2. NO caso de Gas Natural, por qué non se tramitou un procedemento de adjudicación tal e como se di no propio informe?

A Sra. Ortega Martinez di que se van abster porque pensan que, ao marxen do criterio usado na contabilización deben cobrar o servizo que prestaron (no que respecta á factura de Incipresa que cren que é para o GES). Di que lles preocupa menos que Gas natural non cobre, pois con baixarlle un poco o soldo a algúns administradores xa o recuperan.

O sr. Español Otero di que, no caso da factura de Incipresa, trátase dun gasto para o GES no que esta empresa fai unha oferta que se acepta e se fai unha retención de crédito no ano 2014 pero a factura se presenta no ano 2015. Por esta razón ten que vir a pleno para a súa aprobación.

O sr. Baz Vicente insiste na pregunta de por qué non se tramitou un procedemento de contratación do servizo de Gas Natural Fenosa.

O sr. Español Otero di que llo contestará por escrito.

VOTACIÓN

Sometida a votación a proposta **é aprobada cos VOTOS A FAVOR** dos Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz e Rodríguez Gonzalez (sete votos a favor), **CON VOTO EN CONTRA** do Sr. Rodríguez Fariñas (un voto en contra) e **a ABSTENCIÓN** dos sres/as Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez e Iglesias Ferreira (nove abstencións).



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

PUNTO 5.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA CONCESIÓN DE AXUDAS INDIVIDUAIS A DEPORTISTAS GUARDESES.

O sr. Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“O artigo 3 da Lei Xeral de Subvencións, Lei 38/2003, de 17 de novembro, define as subvencións públicas como disposicións dinerarias a favor de persoas públicas ou privadas onde non se realice contraprestación directa dos beneficiarios, se fomenta unha actividade de utilidade pública, ou interese social, e se supedita a entrega dineraria ao cumprimento dun obxectivo ou proxecto.

Na labor de promoción do deporte no Concello da Guarda, elaboráronse unhas bases reguladoras das axudas individuais a deportistas, que recollendo o contido esixido no artigo 17 da Lei Xeral de Subvencións, formuláronse a través dunha ordenanza específica, á vista do disposto no artigo 9 do mesmo texto legal.

O carácter regulamentario da ordenanza determina a competencia plenaria para a súa aprobación, competencia indelegable en virtude do recollido nos artigos 22.4 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

Visto o expediente tramitado, emitidos os informes polos departamentos de secretaría e intervención do Concello, esta alcaldía propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a Ordenanza Reguladora da Concesión de axudas individuais a deportistas guardeses.

Segundo.- Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio polo que se expoña ó público o expediente e acordo adoptado, facendo constar que durante o prazo de trinta días, os interesados poderán examinalo e formular as reclamacións e suxerencias que consideren.

Terceiro.- A Ordenanza considerase definitivamente aprobada si durante o período citado non se presentaran reclamacións, entrando en vigor, unha vez publicado o seu texto, e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

A Guarda, a 17 de novembro de 2015

O Alcalde,

Antonio Lomba Baz

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que lle parece positiva e importante a elaboración desta ordenanza pero que hai aspectos que lle provocan dúbidas e polo tanto prefere agardar ó debate da proposta para definir o seu voto.

O sr. Rodríguez Fariñas considera que a Ordenanza está feita con moito apuro e por eso hai erros evidentes. Por exemplo di que non ten sentido pedir a tarxeta de residencia para os premiados cando é unha ordenanza para premiar a deportistas guardeses. Por outra



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

banda, di que a ordenanza da a posibilidade de que haxa persoas que se empadronen neste Concello ó día anterior a que se publique a convocatoria das axudas para poder optar a elas. Tamén di que hai que modificar o punto relativo á contraprestación da publicidade por parte dos deportistas xa que estes en moitas competicións non poden facelo. Di que se vai abster e presentará as alegacións oportunas.

O sr. Baz Vicente di que o BNG considera necesarias este tipo de axudas. Recalca a rapidez na elaboración desta ordenanza e di que, probablemente por esto, se producen certos erros que habería que corrixir e pide que se traballe un pouco mais nela.

A sra. Ortega Martinez di que, despois de varias galas do deporte, e despois de varias promesas aos deportistas, chega a ordenanza a su aprobación inicial. Pensan que non se pode demorar máis. Sinala que xa fixeron aportacións en asuntos plenarios e que se abre un periodo de alegacións para que os propios deportistas podan facer alegacións. Di que o que é importante é que este ano perdéronse xa 3.000,00 euros e que non debe perderse o orzamento do ano que ven. Indica que haberá que ver a forma de adiantar os cartos ós deportistas que teñen que sufragar gastos moi elevados nalgunhas ocasións. Haberá que estudia-lo xeito de que os atletas poidan levar a publicidade de A Guarda se os seus clubs non llo permiten. Pero o que é importante es que o reciban, que non sigamos perdendo esas partidas por non ter unha ordenanza. Por estan razón anuncia que votará a favor.

O sr. Crespo Gonzalez di que esta ordenanza tiña que haberse traido antes pero non foi posible. A axudas os deportistas tráese en forma de ordenanza para que conte coa colaboración e a implicación de toda a corporación porque entende que o deporte ten que estar despolitizado.

VOTACIÓN

Sometida a votación a proposta **é aprobada cos VOTOS A FAVOR** dos Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez e Iglesias Ferreira (trece votos a favor), **sen NINGÚN VOTO EN CONTRA** e coa **ABSTENCIÓN** dos sres/as Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez e Rodriguez Fariñas (catro abstencións).

PUNTO 6.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

O sr. Alcalde da lectura da seguinte proposta da Alcaldía:

De conformidade co establecido nos arts. 124 e 127 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime local das estidades locais, nos arts. 66 ,67 e 68 da Lei de Administración Local de Galicia e no artigo 73 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local .



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

Visto o escrito presentado por Dna. M^a de Fátima Iglesias Ferreira no Rexistro Xeral do Concello da Guarda con data 1 de setembro de 2015 do que seu conta a este Pleno na sesión de 24 de setembro de 2015 sobre o seu abandono do grupo mixto e sobre a súa consideración de concelleira non adscrita.

Visto o informe de Secretaría de data 10 de novembro de 2015 que sinala que é necesario modificar a composición das diferentes comisións informativas para regularizar a situación desta concelleira a efectos de dereitos corporativos

proponse o Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo :

PRIMEIRO : *Modificar a composición da Comisión Especial de Contas e Asuntos Económicos de xeito que quedaría configurada como sigue:*

Presidente o Alcalde ou concelleiro en quen delegue.

PS de G-PSOE: 3 membros.

PP: 3 membros.

BNG: 2 membro.

GRUPO MIXTO: 1 membro.

CONCELLEIRA NON ADSCRITA: 1 membro

SEGUNDO : *Modificar a composición da Comisión Especial de Asuntos Plenarios de xeito que quedaría configurada como sigue:*

Presidente o Alcalde ou concelleiro en quen delegue.

PS de G-PSOE: 3 membros.

PP: 3 membros.

BNG: 2 membro.

GRUPO MIXTO: 1 membro.

CONCELLEIRA NON ADSCRITA: 1 membro

TERCEIRO: *Modificar a composición da Comisión Informativa de Urbanismo de xeito que quedaría configurada como sigue:*

Presidente o Alcalde ou concelleiro en quen delegue.

PS de G-PSOE: 3 membros.

PP: 3 membros.

BNG: 2 membro.

GRUPO MIXTO: 1 membro.

CONCELLEIRA NON ADSCRITA: 1 membro

En A Guarda, a 16 de novembro de 2015.

O ALCALDE,

Asdo. Antonio Lomba Baz



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ABRESE O DEBATE

Non hai intervencións

VOTACIÓN

Sometida a votación a proposta **é aprobada cos VOTOS A FAVOR** dos Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz e Rodríguez Gonzalez (sete votos a favor) , sen ningún voto en contra e coa **ABSTENCIÓN** dos sres/as Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodriguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dez abstencións).

PUNTO 7.- DAR CONTA DO ENVÍO Ó MINISTERIO DE FACENDA E ADMÓN PUBLICAS DA EXECUCIÓN DO 3 TRIMESTRE DO ORZAMENTO MUNICIPAL. DO ANO 2015

O sr., Alcalde pregunta ós concelleiros se se dan por enterados deste punto ó que responden todos eles afirmativamente.

PUNTO 8.- DAR CONTA DO ENVÍO DA CONTA XERAL DO ANO 2014.

O sr., Alcalde pregunta ós concelleiros se se dan por enterados deste punto ó que responden todos eles afirmativamente.

PUNTO 9.- DAR CONTA DO COSTE EFECTIVO DOS SERVIZOS DO EXERCIZO 2014.

O sr., Alcalde pregunta ós concelleiros se se dan por enterados deste punto ó que responden todos eles afirmativamente aínda que o sr. Rodriguez Fariñas di que hai certa información que non consta no expediente.

A sra. Interventora lle di que ten toda a información que se envía ó ministerio e que se quere algunha aclaración pode ir polo seu departamento para aclaralo.

PUNTO 10.- DAR CONTA DO INFORME DE MORISIDADE DO 3º E 4º TRIMESTRE DE 2014

O sr., Alcalde pregunta ós concelleiros se se dan por enterados deste punto ó que responden todos eles afirmativamente.

PUNTO 11.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PERIODO MEDIO DE PAGO DO 1º, 2º E 3º TRIMESTRE DO 2015.

O sr., Alcalde pregunta ós concelleiros se se dan por enterados deste punto ó que responden todos eles afirmativamente.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

PUNTO 12.- DAR CONTA DO ENVÍO Ó TRIBUNAL DE CONTAS DOS REPAROS EMITIDOS POR INTERVENCIÓN NO EXERCIZO DE 2014.

O sr., Alcalde pregunta ós concelleiros se se dan por enterados deste punto ó que responden todos eles afirmativamente.

PUNTO 13.- DAR CONTA DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2016.

O sr., Alcalde pregunta ós concelleiros se se dan por enterados deste punto ó que responden todos eles afirmativamente.

A sra. Ortega Martínez pide que se lles entregue esta documentación con maior antelación.

Neste momento, e antes de tratar o punto das mocións, o sr. Alcalde di que hai unha persoa que pediu permiso para intervir no Pleno e que vai facelo unha vez remate a sesión.

O sr. Rodríguez Fariñas di que el presentou dúas mocións por urxencia para ser tratadas no Pleno xa que foron retiradas na Comisión de Asuntos Plenarios e pide que se vote a súa urxencia para saber se vai poder defendelas ou non.

O sr. Alcalde di que efectivamente se presentaron estas mocións e que pediu un informe, que lles foi entregado a tódolos grupos, no que se explica o por qué da súa non inclusión na orde do día. Di que se vai ler este informe antes de votar a urxencia.

O sr. Rodríguez Fariñas pide que conste na acta que el non recibiu ningún informe.

O sr. Alcalde lle di que o ten no seu casilleiro no departamento de secretaría e pide que conste na acta que a decisión de entregar este informe é discrecional del.

Neste momento o Secretario vai buscar estes informes dos casilleiros dos grupos políticos municipais para entregarlos ós concelleiros que non o tiñan. Unha vez entregados os mesmos o sr. Alcalde da lectura do seguinte informe:

“ASUNTO : MOCIONS PRESENTADAS POLO CONCELLEIRO DE CG. POSIBILIDADE DE QUE SEXA UN ROGO.

Presentado polo Concelleiro de CG, dous escritos con R.E. DE DATAS 28-10 e 5-11-2015 propoñendo dúas mocións nas que solicita a adopción dos acordos seguintes:

1º que o Pleno aprobe que O Concello de A Guarda, levará de maneira inmediata a efecto, os expedientes de reposición da legalidade urbanística e sancionador contra os propietarios da Capela de San José dos PP. Jesuitas ubicada na Pasaxe.

2º que o Pleno aprobe que O Concello de A Guarda, levará de maneira inmediata a efecto, os expedientes de reposición da legalidade urbanística e sancionador contra os propietarios do antigo Colexio San José que foi das HH. Carmelitas, hoxe de propiedade privada, ubicado na rúa Porto Rico, 2 desta localidade.

A petición da Alcaldía, plantexase a cuestión de si dita proposición é unha moción de urxencia o más ben un rogo.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Para precisar tal extremo temos que recurrir ás definicións de moción e rogo derivadas do disposto no Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais (artigos 91.4 e 97 do ROF). Así as mocións de urxencia, han de reunir os seguintes requisitos:

- a).- Que se trate de asuntos non comprendidos na Orde do día.*
- b).- Que sean urxentes.*
- c).- Que non teñan **cabida no punto de rogos e preguntas**.*
- d).- Que o portavoz do grupo que a propón xustifique a súa urxencia, sendo esta declarada pola maioría absoluta de membros do Pleno.*

En canto ó procedemento é necesario facer mención a que si os asuntos a tratar nas mocións requiren informe preceptivo de Secretaría ou Intervención, e non puideran emitirse no acto, deberán solicitar do Presidente que aprácese o seu estudo, quedando sobre a mesa ata a próxima sesión (artículo 92.2 do ROF).

En canto os rogos (art. 97.6 do ROF), defínense como a formulación dunha proposta de actuación dirixida a algún dos órganos de goberno municipal. Non cabendo duda que o seu obxectivo é expoñer algunha cuestión co fin de que sexa tomada en consideración pola Corporación e se proceda a atende-la polo servizo municipal correspondente, é decir, tratase de suxerir un tipo de actuación a algún dos órganos de goberno municipais.

Tendo en conta o anterior e realizando unha análise dos acordos propostos a adoptar nas mocións citadas; podemos concluir que as dous mocións, como queira que solicitan unha proposta de actuación cuia competencia é da Alcaldía (incoar, tramitar e resolver expedientes de reposición da legalidade urbanística e sancionadores, segundo os artigos que regulan tales expedientes -209, 210 e 216 da Lei 9/2002- son competencia da Alcaldía, asemesmo de ser de aplicación o artigo 199 da mesma Lei sería competente para tramita-los o Alcalde por aplicación do artigo 21.1.m) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local) aínda que dirixida ó Concello, para que tramite ditos expedientes, entrarían tales peticións máis ben no concepto de rogo e non de moción, debendo tratarse como tal.

Non obstante, habería tamén que analizar si ditas cuestións gozan da urxencia que se lles atribue, así como si é competencia do Pleno, o cal xa deixamos claro que non, datos que facultarían al Alcalde para denegar o seu tratamento como moción de urxencia, polo que a miña proposta É rexeitar tales mocións e reconduci-las como rogos.”

Engade que na anterior sesión entrou unha moción cun apartado resolutivo que non é competencia do Pleno ó igual que estas dúas que se presentan por urxencia agora. A decisión que se adoptou naquel momento tivo consecuencias xurídicas xa que foi interposta unha denuncia xudicial pola decisión adoptada. Por esta razón, o equipo de goberno decidiu actuar con absoluto cumprimento da legalidade e non deixar nada ó criterio da boa fe. Aquela moción, aínda sin ser competencia de Pleno, veu na orde do día e debatiuse e votouse. Agora, dadas as consecuencias daquel acto de boa fe, non se vai someter a Pleno, xa que, segundo o informe do asesor xurídico, non é da súa competencia. Anuncia que se ten unha mínima dúbida sobre se algunha moción é competencia do pleno vai pedir asesoramento e en función delo decidirá se se incorpora á sesión ou non.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

O sr. Rodríguez Fariñas pide que conste na acta que o informe do que acaba de dar conta o sr. Alcalde está elaborado polo asesor xurídico externo de urbanismo e di que este informe tiña que ser elaborado polo secretario do Concello. Di que a el non lle consta que haxa ningunha denuncia. Di que as actuacións que se piden nestas mocións xa foron solicitadas por algúns veciños. Di que estas queixas empezan no ano 2009 e a raíz desto se inicia un “paripé” entre a Alcaldía do Concello e o Colexio dos Jesuitas no que se inicia un expediente que caduca e se volve abrir, mentras que a situación do colexio se vai deteriorando. Segundo a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia calquera ciudadano que vexa que un elemento cultural se está deteriorando ten a obriga de facer a denuncia.. Di que a urxencia ven dada precisamente porque non se fixo nada ó respecto dende entón e estes edificios históricos estanse vindo abaixo coa intención de dar un pelotazo urbanístico. Di que se está inculcando a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia e a propia LOUGA. Pide que se lle permita defender esta moción e logo que cada cual vote en conciencia.

A sra. Iglesias Ferreira pregunta se é competencia de Pleno.

O sr. Alcalde responde que non.

O sr. Rodríguez Fariñas di que eso non é verdade e que ten que contestar o secretario. Di que se o Alcalde continua con esta postura “o mellor mañá vou trasladar esto a outro sitio”.

A sra. Iglesias Ferreira di que a ela lle preocupa especialmente que poida ser un perigo o estado de abandono destes edificios.

O sr. Lomba Alonso pregunta se agora vai a haber algunha limitación nas mocións que teñan que vir a Pleno.

O sr. Alcalde responde que non van a vir a Pleno aquelas mocións que, presentando dúbidas sobre as consecuencias, non sexan competencia do pleno.

O sr. Lomba Alonso di que lles preocupa a xudicialización da vida política e que se poidan limitar as mocións. Pregunta ademais se por parte do concello se ten feito algo sobre o tema en concreto que tratan estas mocións de urxencia.

O sr. Alcalde responde que si.

A sra. Ortega Martínez tamén pregunta se dende o concello se fixo algo o respecto. Di que ó seu grupo non lle gustan as mocións por urxencia, a menos que efectivamente, houbera unha urxencia real. Di que eles vanse ater ó informe xurídico.

O sr. Rodríguez Fariñas di que é máis fácil ir o Xulgado por absterse que por votar pero que “ seguimos de muletilas e vamos como vamos”. Recalca que o informe está elaborado por unha persoa que non ten esa función e que non existe informe xurídico por parte do secretario do Concello. Di que a interpretación da lei a está a facer o Alcalde.

O sr. Alcalde di que o equipo de goberno está a actuar e vai actuar no futuro nas tres cuestións que se plantexan nas mocións, simplemente considera que estas non son as maneiras de facer as cousas.

VOTACIÓN DA URXENCIA



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

Sometida a **votación a urxencia** obtén o resultado seguinte:

VOTOS A FAVOR: (5) Sres/as. Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodriguez Fariñas e Iglesias Ferreira

VOTOS EN CONTRA: (7) Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz e Rodríguez Gonzalez

ABSTENCIÓNS: (5) sres/as Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán e Alonso Alvarez.

A vista deste resultados **NON PROSPERA a urxencia.**

PUNTO 14.- MOCIÓNS:

- **RE nº 6.298 de Convergencia Galega.- Reposición das placas no Centro Cultural.**

O sr. Rodriguez Fariñas di que retira esta moción xa que se lles dixo que o Concello está traballando nelo e que o Sr. Español Otero asumiu o compromiso de arranxalo.

- **RE nº 6.650 do PP.- Portal de transparencia do Concello da Guarda.**

A sra. Ortega Martinez da conta da seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No preámbulo da lei 19/2013 di que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser eixos fundamentais de toda acción política. Dende o grupo popular da Guarda non podemos estar máis de acordo. Os veciños esixen e teñen dereito a acceder á información sobre as decisións políticas que temos a obriga de satisfacer.

Como indica a propia lei de transparencia, acceso a información pública e bo goberno no seu artigo 10, as Administracións Locais poderán adoptar medidas complementarias e de colaboración para o cumprimento das obrigas de transparencias recollidas na propia lei.

Somos conscientes que a creación dun portal de transparencia no Concello da Guarda pode ter a súa complexidade e un custo que secadra o Concello non pode asumir, pero consideramos que hai alternativas, e unha delas pode ser o servizo dispoñible grazas ao Acordo Marco de colaboración asinado pola Secretaría de Estado de Administracións



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Públicas e a Federación Española de Municipios y Provincias, FEMP que facilita o desenvolvemento da Lei 19/2013 de 9 de DECEMBRO.

Este acordo pon a disposición de cada concello que se adhira, un portal cunha estrutura parecida á do [Portal de Transparencia da Administración xeral do Estado](#). O concello da Guarda poderá incluír os contidos e tramitar as solicitudes de acceso previstas na Lei, cumprir coas súas obrigas de publicidade e coas relativas ao dereito de acceso á información pública.

É certo que o Concello ten unha páxina web, pero consideramos que está desfasada no seu deseño, que non está actualizada, e aínda no caso de estala sería insuficiente a información que proporciona, para o que nos esixen os veciños e con moita razón, porque pensamos que temos que informar aínda por riba do que nos esixe a lei e os propios veciños, que son os que pagan os impostos e os que teñen dereito a coñecer como se xestionan os fondos do seu concello.

O que pretendemos é que a administración do concello se achegue aos veciños, podendo participar nos asuntos públicos e coñecer qué fan os seus representantes municipais; en que gastan, a quen se adjudican as obras, como se fai xestión con seus impostos etc. O que buscamos en definitiva é que o Concello informe e se modernice.

POR TODO ISTO, O PARTIDO POPULAR DA GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SE PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:

1. Que o Concello da Guarda faga pública toda a información institucional sobre os actos de xestión administrativa con repercusión económica ou orzamentaria, así como tamén información estatística, todos os datos de contratación administrativa de servizos obras e abastecemento, datos de ordenación do territorio, canais de participación dos veciños, datos económicos como execución orzamentaria, e todos aqueles datos que poidan ser de relevancia para os veciños creando un portal propio de transparencia CONCELLO DA GUARDA ou a través do servizo dispoñible dende o 1/07/2015 no que a Dirección de Tecnoloxías da Información e Comunicacions, (DTIC), pon a disposición dos Concellos a adhesión ao Servizo do Portal da Transparencia na nube.

En A Guarda, a 1 de outubro de 2015

FDO; Conchi Ortega Martinez

Voceira Partido Popular

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que certamente hai que mellorar a páxina web do Concello e tamén actualizala. Cre que unha labor de transparencia na propia páxina pode ser incluso útil como ferramenta de traballo para os propios concelleiros.

O sr. Rodriguez Fariñas di que o que lle parece máis grave actualmente respecto da páxina web do Concello é que as actas de Xunta de Goberno Local ou Pleno están moi atrasadas cos problemas de indefensión que iso produce ós veciños.

O sr. Baz Vicente pregunta se a páxina que temos hoxe en día é suficiente para albergar toda a información que se pretende ou é necesario gastar mais cuartos para levar a cabo esta labor de transparencia.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A sra. Ortega Martínez dí que a nube é gratis.

O sr. Alcalde di que a intención política é absoluta pero que pode haber problemas en canto á capacidade, entendida esta como o número de persoas destinadas ó mantemento da páxina. Engade que aquela información que é obrigatoria estase cumprindo coa súa publicación.

VOTACIÓN

Sometida a votación esta moción foi aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes**: Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martínez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**17 votos a favor**).

- **RE nº 6.681 de Convexencia Galega.- Non ó Plan Director do Monte Santa Trega**

O sr. Rodríguez Fariñas da conta da seguinte moción sen antes lamentar a cantidade de trabas que se lles puxeron para acceder o estudio o Plan Director do Monte Santa Trega:

“Despois de moito insistir, o final poidemos chegar a coñecer o Plan Director do Monte de Santa Trega, e tras varios días revisando a documentación que elaborou a Crescende e Asociados, proxecto, que de seguir adiante debe ser incorporado o Plan Xeral de Ordenación Urbán, (PXOU) o noso entender, debe ser retirado, xa que aínda tendo en conta que contén partes moi positivas cara un futuro deseñado o redor do Monte e enfocado o turismo para converterse nun dos referentes máis importantes de Galicia, dende CONVERXENCIA GALEGA, estamos seguros que vai quedar en “papel mollado”, xa que leva a mesma dirección que o anterior, e iso, qu8e o de Portela realizado en 1984, era moito máis “humilde” en obxetivos que o actual, que para nos é irrealizable, e moito máis, baixo a situación de crise actual, pois moitas das expectativas e propostas que sinala, non haberá diñeiro para materializalas.

A creación dún transporte público que leve a veciños/as e visitantes dende a faldra do Monte ata o cumio, a declaración de Utilidade Pública do Mote e expropiación das propiedades a Comunidades e propietarios ou mismamente o derrubo dalgunha das instalacións existentes na cima o Monte, a eliminación do Monumento a D. Manuel Lomba Peña, a construción nos campos de Cháns de varias instalacións, nun un aparcadoiro e noutro un novo Museo, ou as propostas de delimitación, levando adiante un Plan Especial coincidente ca Estrada de Circunvalación, que se complementa coa Zona de Protección tamén proposta como Area de Especial Interese Paisaxístico, incorporado o Convenio Europeo da Paisaxe do Esteiro do Miño, posiblemente axuden e potencien o Monte, pero seguramente van perxudicar -en moito- a poboación guardesa.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Por todo o exposto, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar para o seu debate e aprobación si procede da seguinte MOCIÓN:

A Corporación Municipal de A Guarda, rexeita incorporar o P.X.O.U. o Plan Director do Monte de Santa Trega, por consideralo lesivo os intereses do pobo guardés.

A Guarda, a 09 de outubro de 2.015
Celso R. Fariñas
Concelleiro de CONVERXENCIA GALEGA”

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira agradece en primeiro lugar a entrega do pen co Plan Director e engade que é necesario actuar no monte, aínda que, polo puido ver, este Plan Director non lle gusta nada.

O sr. Baz Vicente di que os veciños da Guarda queren un bó plan director.

A sra, Ortega Martinez di que coñecen o plan director pola prensa. Eles conciben este plan como un documento básico pero que, debido á falta de información, non poden manifestar o seu voto en ningún sentido.

O sr. Español Otero di que a moción ten dúas partes: unha primeira que todo son flores e unha segunda na que todo é malo. Por eso lle pide que cambie a moción e solicite o cumprimento dalgunhas partes do Plan Director e que non quede en papel mollado. Hai que traballar en facer propostas á Xunta de Galicia para que melloren o Plan xa que isto non é máis que unha guía de actuación.

O Sr. Rodriguez Fariñas le un documento e conclue dicindo que a maioría das actuación que propoñen os redactores deste plan non son positivos para A Guarda.

VOTACIÓN

Sometida a votación esta moción obtivo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: (2) Sres/as Rodriguez Fariñas e Iglesias Ferreira

VOTOS EN CONTRA: (10) Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Baz Vicente, Lomba Alonso e Martínez Vazquez

ABTENCIÓNS: (5) Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán e Alonso Alvarez

A vista deste resultado á moción **NON PROSPERA.**

- **RE nº 6.884 do BNG.- Sobre transporte e mobilidade na zona sur de Pontevedra.**



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O sr. Lomba Alonso da conta da seguinte moción:

Exposición de motivos

Nos tempos que decorren, a mobilidade é un tema chave na vida das persoas e das sociedades, presentándose como un ben necesario e sendo un problema de carácter colectivo e social. Á súa vez é evidente a súa complexidade xa que supón un custo económico, a dedicación de tempo, as incomodidades que implica, a contaminación que orixina e o maior consumo de espazo público para as infraestruturas. Por tanto, as prestacións da mobilidade veñen determinadas polo seu desenvolvemento pasado e as necesidades do presente, o que determina unha actuación de carácter estratéxico con visión de futuro.

Á hora de deseñar políticas de mobilidade, á parte do anteriormente enunciado, debemos ter en conta o lugar onde se produce, as relacións que o motivan, a regularidade e o xeito en que se expresan e as medidas tomadas para satisfacelas.

No caso da zona sur de Pontevedra, a non concreción dunha proposta que debería abranguer a todos os concellos sobre un sistema de mobilidade sustentábel impediu avanzar na resolución dun problema vital para a maioría da cidadanía, en que os gobernos locais mostraron a súa máis profunda despreocupación, cando non bloqueando posíbeis solucións. Esta situación é reforzada pola falta de interese e liderado do Goberno galego incapaz de aglutinar vontades e esforzos xunto a unha falta de alternativa global adubada de estudos e recursos estragados sen presentar, tan sequera, as súas conclusións.

Hoxe deseñar políticas de carácter local non ten moito sentido, habida conta a interrelación e interdependencia existente entre as distintas localidades, o que obriga a ter unha visión máis de carácter global se se quere ser eficiente desde o punto de vista de prestación do servizo e, sobre todo, desde a satisfacción social. É absurdo presentar e promover medidas exclusivamente dentro de cada concello, cando a realidade mostra a necesidade de planificar en conxunto (aínda tendo en conta moitas variábeis específicas), coordinando os esforzos e evitando redundancias absurdas que representan unha dilapidación económica e unha insatisfacción da sociedade.

Á súa vez, debemos ter en conta un gran compoñente social cal é que a inmensa maioría das persoas usuarias son traballadoras, moitas con escasos recursos económicos ou sen eles, polo que as nosas propostas sobre políticas de mobilidade deben estar orientadas ás maiorías sociais, sendo estas un xeito máis de redistribuír a renda.

Vigo, como cidade nucleadora da área, concentra ofertas de traballo, prestación de servizos básicos, culturais ou de ocio e xera unha gran cantidade de movementos, dentro e fóra do seu territorio, polo que está obrigada a exercer unha proposta integradora das necesidades de toda unha área superior ao seu ámbito territorial e sempre tendo en conta que ten competencias en materia de transporte público.

Neste sentido, é fundamental ter en conta o papel específico dentro da área xogado polo transporte marítimo de ría, como servizo básico para a comunicación dos concellos de Cangas e Moaña e a súa necesaria integración nun transporte colectivo e público da área sur de Pontevedra con carácter intermodal.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Pola súa banda, a Xunta de Galiza non pode seguir inoperante ante as necesidades de mellora do transporte colectivo que existen na área sur de Pontevedra, acrecentadas na actualidade pola apertura do novo hospital de Vigo Álvaro Cunqueiro. Área que, non debemos esquecer, abrangue unha poboación de preto de medio millón de persoas que precisan dispor de medios de transporte colectivos eficientes como alternativa ao uso do vehículo privado. Isto non só é fundamental para a mellora da mobilidade senón tamén dende o punto de vista ambiental pois, actualmente a maioría dos desprazamentos dentro da área son en vehículos privados (en torno ao 60% dos mesmos).

Logo, hoxe é máis necesario que nunca que as distintas administracións implicadas se comprometan en dar cunha solución satisfactoria ás demandas existentes, na área sur de Pontevedra, en materia de transporte e mobilidade.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDOS

- 1. Instar á Xunta de Galiza a iniciar os traballos para constituír un ente xestor da mobilidade, de carácter público e con ámbito na área sur de Pontevedra, en que participen os concellos da mesma e o Goberno galego, co obxectivo de promover e xestionar un plano metropolitano de mobilidade integral.*
- 2. Instar á Xunta de Galiza e aos concellos da área a xestionar a mobilidade favorecendo a intermodalidade, mediante unha rede de intercambiadores intermodais, en que teñan cabida xunto co viario, o transporte ferroviario e marítimo de ría.*
- 3. O Concello da Guarda, xunto ao resto dos concellos da área sur de Pontevedra e o Goberno galego, comprométese a traballar na implantación dunha estrutura tarifaria integrada que inclúa as políticas de financiamento necesarias do sistema e unha regulación de prezos acordes ás circunstancias socio-económicas da poboación.*
- 4. Dar traslado dos presentes acordos tanto á Xunta de Galiza como ao resto dos concellos afectados.*

Ángel Luis Baz Vicente Merchi Martínez Vázquez Xan Lois Lomba Alonso

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira lamenta que esta moción non sexa un pouco máis específica da Guarda.

O sr. Rodríguez Fariñas gustaríalle que incorporaran un apéndice que é que os autobuses sexan de plataforma baixa.

A sra. Ortega Martínez di que van a apoiar esta moción porque apoiarán aquelas iniciativas que sexan favorables para os veciños da Guarda pero pregunta pola idea que baralla o BNG do bonotransporte.

O sr. Alcalde di que lle parece ben a moción pero de moi difícil realización. A Guarda está moi mal comunicada. Di que as cuestións de mobilidade e transporte é unha competencia



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

da Xunta de Galicia e ó Concello lle gustaría que valoraran o bono transporte para A Guarda aínda que neste caso habería que estudar canto lle ía costa ó Concello. Pon o exemplo de Baiona no que o bono transporte lle custa ó Concello 90.000 euros/anuais. Considera que tería que ser a Xunta quen se fixera cargo da financiación porque é da súa competencia, ou que transfira as competencias e tamén a financiación.

O sr. Lomba Alonso di que ten que estar incluída a intermodalidade xa que por exemplo para coller o tren en Tui non hai enlace. Lle di ó Sr. Rodríguez Fariñas que por suposto que está incluído o concepto de plataforma baixa nos autobuses.

VOTACIÓN

Sometida a votación esta moción foi aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes**: Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martínez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**17 votos a favor**).

Neste momento abandona a sesión a Sra. Vicente Baz.

- **RE nº 7.054 de CCD asumida polo PP.- Apoio ós deportistas guardeses.**

A sra. Ortega Martínez da conta da seguinte moción que di que asumen porque a presenta unha forza política que conseguiu representación nas eleccións pero que agora xa non a ten:

“Apoyo a los deportistas Guardeses”

Exposición de motivos:

Como es reconocido por toda la corporación de este ayuntamiento año tras año en las “galas do deporte guardés”, y por todos los guardeses y guardesas, que en nuestro pueblo tenemos una muy buena cantera de deportistas y que estos mismos están representando al Concello de A Guarda haya por donde van a competir.

Ya sea en las modalidades deportivas que sean, teniendo una sub campeona de Europa de judo, Campeón de Europa de remo hergometro tanto en el 2013 como 2014 y en estes mismos años consiguiendo un tercer puesto y consiguiendo un subcampeonato del mundo en 2015.

Las chicas de balonmano participando en lo más alto de la liga española así como su participación en la Copa de su Majestad la Reina.

Por poner unos ejemplos.

Desde el CCD A Guarda, nos posicionamos en el apoyo a estos deportistas y clubes que teniendo que ir a entrenar o jugar o otras localidades próximas dado que en su pueblo no tienen las infraestructuras necesarias o que no las tienen en las debidas



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

condiciones para poder practicar su deporte en las mejores condiciones posibles, y teniendo que echar mano económicamente de sus padres dado que o tienen apoyo para poder sufragar los gastos de desplazamiento.

Por todo ello SOLICITAMOS AL PLENO:

1. Que cada vez que tengamos algún club o deportista guardes que gane algún premio se le haga una pequeña recepción por partes de las autoridades locales.

2. Que se dote de una partida económica para ayudar a estos deportistas, siendo proporcionalmente a las competiciones a las cuales tengan que ir estos deportistas. Que vienen siendo prometida desde la gala del deporte del 2014.

3. Que aquellas infraestructuras deportivas donde estos deportistas desarrolle su deporte y no estén en las mejores condiciones para la práctica del deporte se arreglen en la mayor brevedad posible.

4. Que se busque la colaboración con mancomunidad de municipios del Baixo Miño, Entidad Menor de Camposancos, Diputación de Pontevedra o la Secretaria General para el Deporte de la Xunta de Galicia y se ofrezca esta comarca para albergar diferentes competiciones, ya sean de ámbito Provincial, Autonómico o Nacional.

5. A) Que desde el concello se elabore un plan para la inclusión de nuevas actividades deportivas en las escuelas municipales que sea accesibles para toda la población agrupándose en grupos por edades. Y que estas mismas se mantenga todo el año.

B) Que se inste a la Diputación o Xunta de Galicia a apoyar ya sea económicamente o con dotación de material aquellas áreas deportivas que desde el concello se ejecuten.

C) Que desde el concello se haga una mesa para el deporte cuya labor sea la elaboración de un plan para la ubicación de nuevas zonas deportivas, fomento del deporte base y profesional, así como la elaboración de un catalogo de actividades que puedan llevarse a cabo en las escuelas deportivas, y en esta mesa participe todos los miembros de la corporación, vocales de la Entidad Menor de Camposancos, grupos políticos que no tengan representación, asociaciones deportivas y clubes.

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que é unha moción moi ambiciosa e cuio punto 2 vai na liña da ordenanza que se acaba de aprobar inicialmente.

O sr. Español Otero di que é convinte que poña INSTAMOS Ó EQUIPO DE GOBERNO en lugar de SOLICITAMOS O PLENO:

O redactor da moción, presente na Sala, da o visto bo a este cambio.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

VOTACIÓN

Sometida a votación esta moción foi aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes**: Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez VAzquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**16 votos a favor**).

Neste momento incorporase a sra. Vicente Baz.

- **RE nº 7.145 do PP- Moción con motivo do día internacional para a eliminación da violencia de xénero.**

A Sra. Ortega Martinez da conta da seguinte moción:

A violencia de xénero é a máxima consecuencia dun sistema baseado no sexismo e na desigualdade de mulleres e homes. A escola pode contribuír á transformación de relacións de poder entre o alumnado realizando os cambios necesarios para asegurar unha socialización igualitaria que respecte a diversidade de identidades existentes e permita o desenvolvemento persoal tanto das alumnas coma dos alumnos.

Na actualidade se están coñecendo actitudes machista entre os adolescentes, cada vez en idade mais temprana, que nos preocupan especialmente, dando lugar a espionaxe e acoso as mozas e outras condutas igual de perigosas.

A escola é un lugar privilexiado para iniciar grandes transformacións, non obstante, ela soa non pode abordar esta tarefa. Necesita a colaboración máis formal doutras institucións e axentes sociais, así como o apoio directo da súa comunidade educativa máis próxima.

Todas as formas de violencia de xénero, nas súas diferentes manifestacións, aliméntanse dos mesmos problemas de valores, dos mesmos estereotipos caducos e dos mesmos mitos enganosos e que desgraciadamente a poboación máis nova parece estar reproducindo de maneira preocupante ese sexismo e eses estereotipos de xénero que criamos erradicados.

Ante esta situación temos que seguir actuando con medidas específicas. E, sobre todo, a xuventude e a poboación adolescente deben contribuír de xeito singular á fin da violencia contra a muller, sendo necesario que os mozos e as mozas identifiquen e rexeiten condutas sexistas que ás veces, se toleran ou xustifican.

POR TODO ISTO, O PARTIDO POPULAR DA GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SE PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

1. O Concello de A Guarda comprométese a levar a cabo actuacións de coeducación en colaboración cos centros educativos do municipio enfocadas á prevención e sensibilización da violencia de xénero entre a o alumnado.

2. O Concello de A Guarda insta á Xunta de Galicia a elaborar un plan de Igualdade no ámbito educativo, co obxectivo de que sirva de referente a toda a comunidade educativa en materia de coeducación e prevención da violencia de xénero, dende unha perspectiva estrutural, integral e transversal.

Fdo: Conchi Ortega Martinez

ABRESE O DEBATE

A sra. Martinez Vazquez di que están a favor da moción. Din que a erradicación da violencia de xenero parte da escola. Por outra banda, avogan por un xeito de traballar no que se respete a confidencialidade da persoa afetada.

A sra. Magallanes Alvarez di que a violencia de xenero é unha lacra que hai que eliminar a base de traballo no campo da educación e da denuncia. Di que hai que aportar medios para que as mulleres se sintan acompañadas neste periplo e para que a familia poida recuperar un ambiente de normalidade.

A sra. Ortega Martinez di que en Galicia o proceso de denuncia é moito mais sinxelo que noutras comunidades autónomas.

VOTACIÓN

Sometida a votación esta moción foi aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes**: Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**17 votos a favor**).

- **RE nº 7.308 de Convergencia Galega.- Ordenanza municipal de inspección técnica de edificios (I.T.E.)**

O sr. Rodriguez Fariñas da conta da seguinte moción:

*“ORDENANZA MUNICIPAL SOBRE INSPECCION TECNICA DE EDIFICIOS (I.T.E.)
(Moción presentada en Pleno do 29.11.2013, que quedou sobre a mesa a solicitude do Sr. Alcalde)*

Na data de referencia, por este Grupo Político, a Concelleira Beatriz Estévez Alvarez, foi presentada unha MOCIÓN sobre a elaboración dunha ORDENANZA MUNICIPAL SOBRE INSPECCION TECNICA DE EDIFICIOS (I.T.E.), tal e como sinala



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

a LOUGa, e solicitude do Sr.l Alcalde, quedou sobre a mesa para ser estudada polo Equipo de Goberno, dado que existían dúbidas se era preciso levar a cabo diversos informes, entre eles, económicos, técnicos e xurídicos, comprometéndose a levala a unha **Comisión Informativa de Urbanismo**.

Nese debate, se falou de moitas cousas, donde o que menos, en termos xerais, o que menos importou foi cumpli-la legislación vixente, senón que a situación podería provocar custes importantes para os propietarios de vivendas que tiveran máis de 30 anos.

Dado que a día de hoxe, non se convocou ningunha Comisión Informativa de Urbanismo para tratar o "asunto" e moito menos se presentaron ningún tipo de Informes Técnicos e Xurídicos, e habendo transcurrido un prazo de tempo suficiente de case DOUS (2) ANOS,

Dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a solicitar a incorporación desta MOCIÓN para o seu debate e aprobación se procede no vindeiro Pleno Ordinario a celebrar no mes de Novembro/2015

A Guarda, a 10 de novembro de 2015
Celso R. Fariñas
Concelleiro de CONVERXENCIA GALEGA"

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira sinala que non lle queda claro o que se vai votar.

O sr. Lomba Alonso lle pide o sr. Rodriguez Fariñas que cando queira que se debata unha de moción que aporte dita moción. Di que se se ciñe o documento que ten, pódese considerar que non hai moción. Por outra banda, tamén é certo que existiu un compromiso e que non se cumpriu..

A sra. Ortega Martinez tampouco ten claro o que se vai votar e preguntallo ó Sr. Rodriguez Fariñas.

O sr. Rodriguez Fariñas responde que se vai votar a unha moción que presentou Convergencia Galega dous anos atrás e que quedou sobre a mesa porque o equipo do goberno asumiu un compromiso que non se cumpriu.

O sr. Español Otero recorda que non se aprobou aquela moción porque eles consideraban que unha ordenanza que obrigara a facer inspeccións técnicas ós edificios de mais de 30 anos ía ser moi perxudicial para os veciños da Guarda. É unha ordenanza que a teñen moi poucos concellos e ningún no Baixo Miño, por eso manteñen a súa postura de non aprobar dita ordenanza.

O sr. Rodriguez Fariñas le a acta do pleno no que se tratou este tema e dille que en dous anos houbo tempo suficiente para facer un estudio económico sobre esta ordenanza. Di que o argumento da repercusión económica non lle vale porque seguramente teña máis repercusión que se produzan danos persoais polo mal estado dun edificio.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

O Sr. Español Otero dille o Sr. Rodríguez Fariñas que o equipo de goberno encargará un informe xurídico ó Asesor Xurídico Urbanístico do Concello e un informe técnico económico ó arquitecto municipal e se comprometen a celebrar unha reunión cos portavoces antes do vindeiro pleno ordinario.

QUEDA SOBRE A MESA

- **RE nº 7.316 do BNG.- Sobre a regularización catastral e revisión da ordenanza sobre o IBI.**

O Sr. Lomba Alonso le a seguinte moción:

Exposición de motivos

A Dirección Xeral do Catastro activou de oficio un proceso extraordinario de regularización catastral, cuxa finalidade principal é localizar aqueles inmóbeis que os seus propietarios (particulares ou empresas) non deran de alta ou non actualizaran no Catastro e, polo tanto, non tributaban por eles ou facíano de forma incompleta.

O denominado Procedemento de Regulación Catastral 2013-2016, impulsado polo Ministerio de Facenda, no caso de que existan inmóbeis e alteracións construtivas realizadas sen declarar ao Catastro, establece un proceso de regularización co pago dunha taxa de 60 euros por cada inmóbel urbano ou parcela que se inscriba.

Esta regularización, ademais do pago da taxa de 60€ por cada alta no Catastro, implicará un aumento do valor catastral do inmóbel revisado e, polo tanto, incrementará tamén a base impoñíbel de tributos como o IBI. A Administración poderá esixir calcular de novo a cota a pagar polo IBI dos últimos catro anos e reclamar a diferenza resultante cos correspondentes intereses de demora. A actualización catastral tamén pode variar a tributación futura por outros impostos: IRPF, IIVTNU, etc.

Por parte do Goberno, para encubrir que en realidade ademais dunha actualización do Catastro tamén se pon en marcha unha ferramenta para incrementar a recadación de determinados tributos, empregouse como denominación deste proceso a expresión “amnistía catastral”, argumentando para iso que, co pago desta taxa de forma voluntaria, evítase a aplicación rigorosa da normativa catastral e evítanse multas elevadas aos titulares de inmóbeis non declarados.

Ademais das repercusións tributarias futuras, a taxa lineal establecida, ao aplicarse por cada inmóbel obxecto do procedemento, implica unha desigualdade, respecto de regularizacións de maior entidade ou envergadura (caso, por exemplo, de ampliacións significativas de edificacións) con outras menores (pequenas obras de acondicionamento, anexos de edificacións sen valor residencial, etc). Isto agrávase no caso de fraccionamento da propiedade, característico de Galiza, onde as declaracións de regularización multiplícanse ao afectar a moitas parcelas de escasa dimensión, que aínda sumadas todas elas, apenas implican cambios relevantes dos bens inmóbeis inscritos no Catastro por un mesmo suxeito pasivo.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Desta maneira, increméntase de forma inxusta a recadación da taxa de regularización catastral, posto que en determinados territorios a multiplicidade de procedementos pola división da propiedade orixinará unha recadación superior aos custes que para a administración catastral ten a xestión de ditos procesos, é dicir, xerárase probabelmente un ingreso superior pola recadación da taxa de regularización catastral ao custe efectivo da xestión administrativa dese proceso.

Para poñer en marcha este procedemento, o Boletín Oficial do Estado (BOE) do 15 de decembro de 2014, publica unha Resolución da Dirección Xeral do Catastro, na que se establece que o “procedemento para a regularización catastral” no concello da Guarda, será de aplicación entre o 16 de decembro de 2014 e 30 de novembro 2015.

En aplicación da citada Resolución, moitos veciños e veciñas deste Concello están recibindo estes días unha carta da Xerencia Territorial do Catastro, comunicándolles os inmóbeis que procede regularizar “por terse producido circunstancias determinantes dunha alta ou modificación, non declaradas de forma completa e correcta no prazo establecido”. Teñen 15 días de prazo para presentar as alegacións e probas que consideren oportuno. Os citados inmóbeis quedarán incorporados ao Catastro con efectos desde o 1 de xaneiro de 2016.

Por último, esta actualización xeneralizada do Catastro vai supoñer un incremento de ingresos para o noso Concello. Isto debería conducir a revisar á baixa o tipo de gravame que se aplica por decisión municipal, a atenuar a carga fiscal que pagan os nosos veciños e veciñas a través do IBI. Por unha banda, con carácter xeral, dado que nos últimos anos – desde 2012 a 2015- por decisión do Goberno central houbo unha suba dos tipos de gravame xeneralizada imposta para todos os concellos, sendo que no ano 2016 os concellos recuperan a autonomía para fixar o tipo dentro do marco previsto do IBI na Lei de Facendas Locais. Por outra banda, dirixido a aquelas persoas que máis padecen a crise, establecendo para iso bonificacións para aquelas persoas ou familias que contan con menos recursos.

O Concello debe colaborar cos veciños e veciñas afectadas por esta regulación de oficio promovida polo Catastro, facilitándolles información e asesoramento para alegar contra os posibles erros na documentación ou na valoración recollidos na proposta e para reclamar, de ser o caso, a exención ou redución da taxa nos casos de pequenas modificacións que non representen un significativo incremento do valor catastral do inmóbel ou parcela regularizada.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

1.- O Pleno do Concello da Guarda insta ao Ministerio de Facenda a revisar a taxa de regularización catastral, de maneira que se establezan bonificacións e deducións no seu importe:

- 1. Cando afecten a alteracións de entidade menor nos inmóbeis.*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

2. *Cando o mesmo suxeito pasivo sexa obxecto de diversos expedientes de regularización catastral, de forma que ingrese dunha soa vez a taxa por todos os procesos.*

2.- *O Concello colaborará cos veciños e veciñas afectadas por esta regulación de oficio promovida polo Catastro, facilitándolles información e asesoramento para presentar as alegacións que consideren necesarias neste proceso.*

3.- *O Pleno do Concello insta ao Goberno Local a presentar unha proposta de modificación da ordenanza reguladora do IBI, para que teña vixencia en 2016, onde se revise o tipo de gravame municipal que se aplica no Imposto de Bens inmóbeis (IBI), tanto:*

1. *- Con carácter xeral, rebaixándoo dos tipos aplicados entre os anos 2012 a 2015 pola aplicación da normativa básica estatal que impuxo o Goberno central.*
2. *- Como de forma específica introducindo bonificacións dirixidas a persoas e familias con ingresos e rendas baixas, para adaptalo as posibilidades e necesidades que teñen os veciños e veciñas deste concello.*

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira parécelle interesante esta moción, especialmente o seu punto 3. Ademais, dedúcese do argumentario que é necesaria unha nova regularización.

A sra. Magallanes Alvarez di que habería que votar esta moción por puntos. Respecto do primeiro punto entenden que se unha persoa fai variacións en varios inmobles é porque ten unha capacidade económica boa e ten que regularizar cada un dos expedientes e terá que pagar taxas por cada unha das alteracións. Di que o segundo punto votaríano a favor porque o Concello vai estar ó lado dos seus veciños para asesoralos e informalos. E respecto do apartado 3º di que existe unha imposibilidade porque a taxa actual é a mesma que no ano 2012 o que pasa e que por imposición dunha lei de superior xerarquía houbo que subilo en tódolos concellos de España. No ano 2016 non é obligatoria a aplicación da lei Estatal e polo tanto os Concellos volven a ter autonomía para aplicar as súas propias ordenanzas e polo tanto non hai que modificar nada. O IBI é un imposto que ven fixado pola lei de Facendas Locais e esta lei no permite aplicar bonificacións no IBI por conceptos de renda. Di que votarían a favor o punto nº 2 pero non o número 1 e piden a retirada do punto número 3.

O sr. Lomba Alonso lamenta non ter lido toda a moción porque el xa contemplaba a imposición estatal na subida do IBI. Anuncia que retiran o punto nº 3 da moción.

A sra. Magallanes di que, dado este consenso van apoiar o primeiro e segundo puntos.

VOTACIÓN

Sométese á moción (sen o apartado 3 da parte resolutiva) á votación sendo aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes**: Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez VAzquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**17 votos a favor**).

- **RE nº 7.471 do PP.- Sobre a continuidade das excavacións no Monte Santa Trega.**

A sra. Ortega Martinez le a seguinte moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTTIVOS

No pasado mes de Marzo do ano 2015 no Museo provincial se asinou un acordo entre o Ministerio de Fomento e a Deputación de Pontevedra para posta en valor dos xacementos galaicos romanos da provincia de Pontevedra. No caso do Trega, prodúcese realmente unha reescavación, xa que entre os anos 1928-1933 o catedrático Cayetano de Mergelina xa procedera a excavación da zona onde se está a traballar na actualidade, coa colaboración de Sebastian Gonzalez Garcia-Paz e José Fernando Filgueira Valverde.

No seguimento que lle estamos a facer dende o Partido Popular de A Guarda, non deixamos de sorprendernos día a día, pola dimensión do encontrado, e polas novas vías de investigación que se abren a partires de aquí, en canto a períodos que poden situarse no século II antes de Cristo. Tanto por valor patrimonial e arqueolóxico como por estratexia turística de A Guarda, pensamos que a importancia de continuar os traballos a partires de abril, é fundamental para coñecer o noso pasado e para garantir un futuro económico do Concello que pasa por desenvolver o turismo, e este xacemento poder ser un pilar fundamental con consecuencias positivas, aínda imposibles de cualificar economicamente. Coa posta en valor desta escavación Mergelina, mais co que os expertos nos contan que queda por descubrir e escavar, sabemos que o interese do Trega en valor patrimonial arqueolóxico e turístico estaría moi por riba de moitos dos lugares mas visitados da península, que non vamos a citar pero que todos temos na mente. A Guarda, co Monte Trega á cabeza, estarían no cumio, nunca mellor dito, dos xacementos atopados na Península Ibérica, onde se poderían apreciar varios períodos históricos nunha soa visita ao noso monte.

POR TODO ISTO, O PARTIDO POPULAR DA GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SE PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:

Que o Concello da Guarda solicite xa, e antes da finalización destes traballos, a continuidade dos mesmos buscando apoio nas institucións tales como a Deputación de Pontevedra, como promotor que poida asinar convenios con outras administracións para conquistar un completo financiamento para escavar nas zonas pendentes, como a ladeira do monte cara a Camposancos, as chamadas terrazas que quedan por debaixo do xacemento Mergelino no que se traballa na actualidade.

En A Guarda, a 23 de outubro de 2015 Fdo.: Conchi Ortega MartínezVoceira do Partido Popular”



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que ten moito interés a excavación que se está a facer. Pregunta se hai algo asinado, algún convenio o algún proxecto en marcha. Di que agarda a explicación do Concelleiro de Patrimonio pero que está de acordo coa continuidade das excavacións.

O sr. Rodriguez Fariñas di que vai votar a favor e di que hai outras zonas ademais da de Margelina e lamenta que estas excavacións dependan de quen estea ó frente na consellería.

O sr. Baz Vicente pide á Sra. Ortega que non compare os atractivos turísticos deste Concello con outros. Di tamén que na moción debería mencionar, ademais da Deputación, á propia da Xunta de Galicia como administración que financie estas excavacións ou tamén ó Ministerio. Por eso piden que inclua na proposta que se solicite á Consellería de Cultura e o Ministerio de Cultura e Deporte a financiación necesaria para levar a cabo estes traballos.

O sr. Crespo Gonzalez tamén incide en que, ademais da Deputación Provincial, debe participar a Consellería de Cultura na financiación destes traballos. O traballo non é só excavar, tamén hai que consolidar e restaurar. Existe un convenio asinado entre a Deputación e Ministerio de Fomento para realizar os traballos aínda que non se sabe exactamente en que van consistir.

A sra. Ortega Martinez di que cando fala na moción doutras administracións xa se está a referir á Xunta de Galicia e ó Ministerio.

O sr. Rodriguez Fariñas pídelo ó Partido Popular que interveñan ante a Xunta ou ante o Ministerio para que as pezas que aparecen se queden aquí e non vaian para Pontevedra.

O sr. Crespo Gonzalez desminte certas información: di que en ningún momento se paralizaron as excavacións e que as pezas que aparecen quedan na Guarda.

O sr. Alcalde di que na parte resolutiva inclúese polo tanto “solicitar da Xunta de Galicia e do Goberno Central” e procederase á votación da moción con este añadido.

VOTACIÓN

Sométese á moción co engadido sinalado á votación sendo aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes**: Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez VAzquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**17 votos a favor**).



CONCELLO
A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- **RE nº 7.472 de PP- Plan de mantemento do pavillón da Sangriña.**

A sra. Ortega Martinez da conta da seguinte moción:

O pavillón do C.E.I.P A Sanguiña, é unha das instalacións deportivas municipais máis utilizadas neste concello, tanto polos nenos do colexio como para a práctica de varios deportes: fútbol sala, balonmán, etc.

Un espazo deportivo tan empregado polos cidadáns, debe necesariamente cumprir unhas condicións mínimas de calidade e seguridade, Isto é especialmente importante no noso concello, onde o chamado "feito deportivo" xoga un papel tan salientable.

Pero o mantemento do pavillón nestes últimos anos, está claro que deixa moito que desexar, e o mais importante, hai problemas de seguridade.

No Artigo 8, apartados 3 , 4 e 10 da lei 3/2.012, de 2 de abril, do Deporte en Galicia, lemos:

"Los municipios, en los términos que dispone la presente ley, la legislación de régimen local y la legislación sectorial del Estado, ejercerán en su correspondiente ámbito territorial las siguientes competencias:

Apdo 3. Construir, gestionar, ampliar y mantener las instalaciones deportivas de titularidad municipal y, en su caso, la gestión y mantenimiento de las de titularidad autonómica cuyo uso y gestión les sean cedidos, teniendo en cuenta la cualificación adecuada del personal responsable para esas finalidades.

Apdo 4. Velar por la plena utilización de las instalaciones deportivas de su titularidad, procurar la participación de las asociaciones deportivas de su ámbito municipal en la optimización del uso de éstas y cuidar sus condiciones de higiene y seguridad.

Apdo 10. Los ayuntamientos de más de 5.000 habitantes contarán con un área de deportes, que podrá ser mancomunada, para contribuir a llevar la actividad físico-deportiva a toda la ciudadanía y garantizar el pleno aprovechamiento social de las instalaciones".

O mantemento de esta instalación do C.E.I.P A Sanguiña correspóndelle ao Concello de A Guarda, polo tanto non pode ser financiada directamente por outras administracións, aínda que cabe a posibilidade de asinar algún convenio con outros organismos públicos como a Deputación, para poder facer fronte á precaria situación deste Pavillón, que empeorou cos anos pola falla constante de mantemento.

Recomendamos a lectura do Capítulo III da mesma Lei, "Requisitos y uso de las instalaciones", onde se pode ver cómo tería que ser o noso pavillón.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Imos enumerar algunhas deficiencias que se detectaron, aínda que este non é o noso cometido, senón o dos técnicos municipais, os cales deben investigar, localizar, avaliar as deficiencias e facer informes co fin de reparar os fallos e propoñer melloras.

Anomalías graves detectadas:

-Instalación eléctrica deficiente, cables sen protección e ausencia de tapas nas caixas eléctricas, o cal é un problema de seguridade.

-Falla constante de auga quente nos vestiarios, seica que debido a unha válvula obsoleta, que non sempre funciona.

-Nun dos vestiarios non hai nin regulador de auga quente e fría.

-Instalación contra incendios de plástico (non ignífuga), polo tanto falla de seguridade se hai un incendio.

-Saída de fumos da caldeira cara ás gradas, e non por riba da cuberta, como sería o normal. Risco de intoxicación.

-Falla de calefacción nos vestiarios e na sala de recuperación.

-Falla de aillamento térmico no teito dos vestiarios e sala de recuperación, o que implica aínda mais frío no inverno para os deportistas que os utilicen,

-Problemas de goteiras, en varios lugares do Pavillón, ademais de problemas de condensación que fan perigosa a práctica do deporte na pista polos resbalóns que poden producirse.

-Falla dun pequeno espazo cerrado para garantir o almacenamento de utensilio e roupa dos equipos que xogan no pavillón.

-Non se limpa a pista de forma adecuada, e polo tanto ésta vaise deteriorando. Mais custoso será cando se necesite cambiala por falla de limpeza axeitada.

-Falla de control de entrada e saída ao Pavillón. No campo de fútbol, hai persoas que se dedican a isto, en cambio neste pavillón entran e saen sen control moitas persoas con chave, non garantizándose a seguridade dentro do pabellón.

Son mais as deficiencias, sen meternos na estrutura do edificio, e na estética lamentable dos vestiarios e demais salas, que os deportistas guardeses, españois e europeos teñen que soportar, dando unha imaxe negativa que no nos gusta do pavillón, e polo tanto de A Guarda.

Un detalle que pensamos que non supón un gran custo, pero que é necesario, é poñerlle nome ao Pavillón, xa que entre outros xoga un equipo de balonmán de División de Honor, e veñen equipos españois e europeos, que non recoñecen o pavillón por unha cousa tan sinxela. Hai que sinalalo e poñerlle nome!

Nós cremos que a práctica do deporte é importante para a saúde mental e física, sobre todo a da nosa infancia e xuventude, pero aínda mais importante é que se practique o deporte nunhas instalacións dignas e seguras. Como sempre, esa é a nosa prioridade.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

POR TODO ISTO, O PARTIDO POPULAR DA GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SE PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:

- 1. Que o Concello de A Guarda se comprometa a levar a cabo actuacións inmediatas de melloras das instalacións do Pavillón da Sangriña que teñan que ver coa seguridade do mesmo, presentándose o técnico municipal á maior brevedade para avaliar as deficiencias e, por orden de prioridade, ir solucionándoas.*
- 2. Que o Concello de A Guarda elabore e aprobe un plan de mantemento integral do pavillón da Sangriña, e, se fixera falla, se procure financiamento a través dun convenio coa Deputación de Pontevedra ou outras institucións cos fondos destinados para o deporte.*

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que é evidente que o pavillón necesita actuacións e arranxos urxentes.

O sr. Rodríguez Fariñas di que esto son simplemente parches e que deberían implicarse as administracións superiores para a construción dun pavillón novo. Non obstante votará a favor.

O sr. Lomba Alonso quere resaltar que na moción de fala da Deputación e “outras institucións”. Entenden que hai que poñerlle nome a esas institucións xa que son as máis responsables neste tema: a consellería de Educación (xa que está nun centro educativo) e a Consellería de Cultura. Considera que a responsabilidade principal é da Xunta de Galicia e tamén do equipo de goberno. Engade que tamén hai que engadir ó pavillón das Solanas, no que se están a practicar deportes e os seus usuarios demandan maior seguridade. Por eso o Concello debe elaborar un Plan para o arranxo das deficiencias que existen, e para levalo a cabo terá que pedir axuda ás administracións que teñen responsabilidades neste asunto.

O sr. Español Otero di que a Deputación Provincial instalou a pista e os asentos no pavillón no ano 2007 en vísperas de eleccións; dende entón ata agora non invertiu un só céntimo. Di que o equipo de goberno tivo que facer dende entón as seguintes obras: Reparar a cuberta do pavillón porque chovía dentro, Reparar os pilares do pavillón para que non colapsara, Construír con fondos propios os baños adaptados, Remodelar dous vestiarios, Construír un vestiario para árbitros e o tunel de vestiarios, Mellorar o alumeado, Trasladar a caldeira e outras. Di que hai que ser máis ambiciosos e construír un pavillón novo. Non pode permitir que se diga que non se leva feito nada xa que estima que se invertiron máis de 300.000 euros dende que eles están no equipo de goberno. Di que se trata da instalación municipal na que se invertiu máis diñeiro.

A sra. Ortega Martínez sinala que ela nunca dixo que non se fixera nada. Di que o Partido Popular apoiará un proxecto ambicioso de construción dun novo pavillón se este se



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

realiza. Di que a Consellería vai investir na cuberta de Solanas ó 50% co Concello da Guarda, polo tanto non se pode dicir que non fagan nada.

O sr. Español Otero dille que non se pode comparar o orzamento da Consellería co do Concello e sin embargo hai que reparar a cuberta ó 50%.

O sr. Alcalde di que entre as primeiras visitas que fixo como alcalde foi ó Secretario Xeral de Educación para a reparación do pavillón das Solanas e todo o que se puido conseguir foi o 50% da reparación e di que ou se aceptaba esto ou se viña abaixo. Di que el quere un pavillón novo para A Guarda e para elo chámase a moitas portas pero e moi difícil traer o diñeiro. Di que aceptaría un pavillón conxunto co Rosal.

O sr. Lomba Alonso di que no que respecta a esta moción, a Xunta non investiu un só céntimo no pavillón da Sangriña e aínda enriba acaba de enterarse que participa na reforma da cuberta de Solanas só cun 50%.

VOTACIÓN

Sométese á moción á votación sendo aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes**: Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**17 votos a favor**).

- **RE nº 7.536 do BNG.- A Prol da ampliación da acreditación por violencia machista e da creación do estatuto feminino.**

A sra. Martinez Vazquez le a seguinte moción:

“Exposición de motivos:

A violencia machista é un dos problemas máis graves que ten que afrontar a nosa sociedade. Nas últimas décadas, a violencia contra as mulleres ten deixado de ser un asunto invisíbel grazas ao constante e incansábel traballo dos movementos de mulleres.

A loita contra a violencia de xénero debe ser unha prioridade política para todos os espazos da actividade política e froito do traballo para que isto así sexa están vixentes a Lei Orgánica 1/2014, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Despois de anos de aplicación, insuficiente en moitos casos por limitación de recursos e orzamentos, a violencia machista segue presente na nosa sociedade. Por iso, cómpre avanzar e darmos pasos adiante que melloren os marcos legais e realizar un labor preventivo e educativo maior.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Ante a gravidade do problema consideramos fundamental a inclusión do Feminicidio como forma de terror propia que sofren as mulleres e que serva de base para a elaboración dun Estatuto de vítima de Feminicidio. Doutra banda, a resposta fundamentalmente penal diante deste problema tense demostrado como insuficiente, polo que é preciso avanzar no apoio económico, psicolóxico e social así como na prevención. Corresponde á Administración local, por ser a institución máis próxima á veciñanza converterse nunha referencia para o combate deste problema e facer presión para que se avance no recoñecemento das realidades de violencia machista e na súa prevención..

Por iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a trasladar ao goberno do Estado a necesidade de modificar a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, introducindo o termo Feminicidio e iniciar os traballos para desenvolver o Estatuto de Vítima de Feminicidio.

Introducir, así mesmo, na citada modificación a acreditación da situación de violencia machista, recollendo certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou documento acreditativo da propia orde de protección ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei. Tamén a certificación ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios e certificación dos servizos de acollida da Xunta de Galiza ou do concello. Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social e calquera outra que se estableza regulamentariamente.

Así mesmo, a iniciar os traballos para modificar da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero para incorporar a regulación do Feminicidio e o estatuto de protección das vítimas do feminicidio.

Finalmente, instar á Xunta de Galiza a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e garantir que o servizo 016 de atención as mulleres estará operativo e con medios reais durante todos os días do ano as 24 horas do día.

2. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao do Goberno do Estado.

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que lle preocupa e que non pode entender que o teléfono 016 non estea operativo ás 24 horas do día. Sempre pensou que non era así.

A sra. Ortega Martinez informa que o teléfono 016 está operativo dende o 2007 ás 24 horas do día e os 365 días do ano. Di que lle custa crer que simplemente co cambio de denominación das leis se poida solucionar o problema da violencia de xénero. Di que a palabra feminicidio no existe nin no diccionario da REA nin no da RAG.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

VOTACIÓN

Sométese a moción á votación sendo aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes**: Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**17 votos a favor**).

- **RE nº 7.539 do BNG.- Para a posta en valor do material das excavacións arqueolóxicas realizadas no Trega.**

O sr. Baz Vicente le a seguinte moción:

“Exposición de motivos:

É de todos e todas coñecido que as excavacións arqueolóxicas que se están a realizar no monte Trega están sacando á luz todo un material arqueolóxico moi interesante para o coñecemento científico. Mais este coñecemento debe ser amosado ao resto da sociedade por formar parte do noso patrimonio cultural e histórico.

É hora de que o pobo da Guarda e aquelas persoas que así o desexen teñan a posibilidade de poder admirar todos estes achados, cando menos, na localidade onde foron atopados.

Dende o BNG entendemos que é imprescindible que o conxunto da sociedade coñeza, observe e aprecie todos aqueles restos de culturas antigas que foron conformado os nosos sinais de identidade ao longo da historia.

O BNG, e así o expuxo durante a campaña electoral, considera que esta riqueza hai que poñela en valor, hai que dala a coñecer e espallar máis aló do noso concello, converténdose nunha fonte de riqueza polo interese que desperta entre a comunidade científica, afeccionad@s á arqueoloxía ou simplemente turistas con desexos de apreciar como era o noso concello na antigüidade.

*2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que se adoite o seguinte **ACORDO***

A realización dunha exposición sobre os materiais obtidos nas excavacións realizadas no coñecido como poboado de Mergelina e, con anterioridade, na zona de Saa para o seu coñecemento por parte da sociedade en xeral.

A realización dunha campaña publicitaria para dar a coñecer dita exposición tanto dentro como fóra do concello da Guarda”.

ABRESE O DEBATE



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A sra. Iglesias Ferreira di que daba por feito que houbera unha exposición.

O sr. Crespo Gonzalez di que se está traballando conxuntamente coa Deputación Provincial no tema da divulgación. Explica que se levaron campañas divulgativas especialmente con rapaces. Vai a haber unha exposición pero hai que esperar a que se rematen as excavacións. Os fondos do museo se atopan aquí e vaise facer unha exposición. Hai outros proxecto en mente.

O sr. Baz Vicente di que a exposición sería convinte que fora no centro da vila.

VOTACIÓN

Sométese a moción á votación sendo aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes**: Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**17 votos a favor**).

- **RE nº 7.582 de Convergencia Galega- Cumplimento dos acordos municipais.**

O sr. Rodriguez Fariñas da conta da seguinte moción:

“Tal e como reflexan os medios de comunicación, dende mediados deste ano, e trala proposta presentada por Convergencia Galega e outros grupos políticos, o Equipo de Goberno Municipal, se había comprometido a estudar a proposta do borrador de Ordenanza Municipal para cobrar as aseguradoras polos servizos do Grupo de Emerxencias Supramunicipais (G.E.S.) nos concellos donde interven, e dese xeito, crear unha vía de financiamento e xeración de ingresos que axudaran a cubrilos gastos de mantemento deste equip^{9º} de profesionais.

Dende aquel acordo, a día de hoxe, non se ten feito nada, e a situación é a mesma, seguindo cas “choradas” de que o custo do G.E.S. é bastante elevado, e non hai presuposto para mantelo en funcionamento, nuns mometos se cuestionaba si era legal o cobro, noutras a sistema, calquer “justificación” servía para seguir mantendo o “inmovilismo” do Concello para atopar unha solución, independentemente que se aportaran diversos borradores da ordenanzas que se está aplicando noutros concellos.

Dado que naquel momento se asumiu un compromiso por parte do Equipo de Goberno sobre a elaboración dunha Ordenanza Municipal para ser consensuada cos demais grupos da oposición, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a traer o PLENO ORDINARIO de novembro para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O Goberno Municipal, dará inicio de xeito inmediato a elaboración do borrador da Ordenanza Municipal para o cobro as aseguradoras polos servizos de intervención dos G.E.S., e mantendo as xuntanzas que sexan precisas cos demais grupos, a fin de que dito texto sexa sometido a debate no Pleno Ordinario correspondente o mes de Xaneiro do 2.016.

*A Guarda, a 19 de novembro de 2.015
Celso R. Fariñas
Concelleiro de CONVERXENCIA GALEGA"*

ABRESE O DEBATE

O sr. Lomba Alonso di que lle da pena este tipo de mocións porque isto estaba aprobado. Pídelle ó equipo de goberno que cumpla co acordo adoptado.

A sra. Ortega Martínez di que non entende por qué non se trae esa ordenanza a aprobación xa, dado que se están a perder cartos.

O sr. Español Otero di que teñen razón todos. Pero o concello ten un problema de persoal e esta ordenanza ten que facela unha tesoureira e neste momento temos unha tesoureira accidental. A ordenanza é de moi difícil elaboración porque necesita un traballo previo de valoración e de cálculo dos gastos. Desgraciadamente non hai tempo material nin medios humanos para elaborala. Di que ten que dicir o mesmo que no pleno anterior, e dicir, espera que se poida traer ó próximo pleno pero non pode comprometerse.

O sr. Rodríguez Fariñas di que sirve de modelo de ordenanza os textos doutros concellos.

O sr. Español Otero di que anteriormente os interventores non permitían a elaboración dunha ordenanza para efectuar o cobro destes servizos que estaban considerados como de protección civil. Agora a interventora actual si que o permite como servizos de emerxencias.

O Sr. Rodríguez Fariñas non entende como noutros concellos si se puido facer.

VOTACIÓN

Sométese a moción á votación sendo aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes**: Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martínez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira **(17 votos a favor)**.

- **RE nº 7.584 do BNG.- Sobre a guardería municipal.**

O sr. Baz Vicente le a seguinte moción:

"Exposición de motivos:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Tralas sucesivas experiencias vividas nas comisións de baremación da gardería municipal. Despois de ver ano tras ano como un gran número de solicitantes quedan fóra. Cando a experiencia nos di que dentro de eses poucos/as afortunados/as que acadan a praza, aquelas familias cos dous membros da unidade familiar traballando seguen sendo minoría.

Cando técnicos sociais, políticos/as, pais e nais vimos estando de acordo en que as bases non afondan na conciliación laboral e familiar, que a actual xestión da gardería é moi custosa con respecto a de vilas próximas e ten o número de prazas totalmente insuficiente, dende o BNG non entendemos como o goberno local segue enrocado no actual sistema, sen querer oír á cidadanía e aos axentes sociais.

Dende o BNG entendemos que esta situación non se pode adiar máis no tempo e cumpre traballar dende xa na procura dunha solución definitiva polo ben do pobo da Guarda.

2- Por todo isto o BNG ven a pedir que se adoite o seguinte ACORDO:

a) Que o Concello da Guarda solicite á Xunta de Galiza a construción e posta en marcha dun servizo de gardería tutelada pola Rede de Escolas Infantís de Galiza.

Para iso, o goberno municipal buscará e porá a disposición da Xunta os terreos necesarios para realizar a infraestrutura dunha gardería con máis dotacións técnicas e humanas sen custe para as arcas municipais, que duplique cando menos o número de prazas, cubrindo así a demanda actual e pensando no futuro. Para que cando toda a esa xente en actual estado de desemprego teña a posibilidade de acceder ao mercado laboral, poderamos ofertarlle prazas e que así a conciliación deixe de ser unha traba para traballar.

b) modificación da ordenanza actual da gardería municipal para que o servizo afonde realmente na conciliación"

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que o que acaba de dicir ó voceiro do BNG é unha realidade e polo tanto vai apoiar a moción.

O sr. Rodríguez Fariñas di que hai que modificar a ordenanza para conciliar a vida laboral e familiar. Ademáis deberíase construír unha nova guardería.

A sra. Ortega Martínez di que é evidente que algo está fallando con respecto á guardería e polo tanto van a apoiar a moción.

A Sra. Magallanes Álvarez di que van a apoiar a moción pero queren facer algún comentario ó respecto. Di que é un momento malo para traer unha moción deste tipo porque se están producindo cambios e confusión na concellería de Servizos Sociais. A consellería pide ós concellos un aporte moi importante para a construción de guarderías. Polo tanto é complicado saber se a creación de guarderías vai ter ou non custe municipal. En definitiva, é un momento moi confuso para abordar este tema. Por outra banda, o equipo de goberno entende que o dereito á guardería é un dereito para o neno. Entenden que a guardería ademais da conciliación familiar ten unha importante labor educativa. O primeiro que van a facer é solicitar que a guardería infantil da Guarda ingrese dentro da rede de guarderías da Xunta de Galicia. En segundo lugar, habería que estudar as necesidades e demandas e, en función deso, podería ampliarse so algún módulo e non



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

sería necesaria a construción dunha nova guardería. En terceiro lugar, respecto da ordenanza, pide que aporten ideas para melloralala, sempre tendo en conta que o punto de vista do goberno é que o dereito é do neno.

O sr. Baz Vicente felicita ó equipo de goberno polo cambio do seu posicionamento. En calquera caso di que faltan prazas de guardería.

VOTACIÓN

Sométese a moción á votación sendo aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes**: Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**17 votos a favor**).

- **RE nº 7.609 do PP.- Moción para instar ó goberno municipal a rebaixa fiscal do IBI e mais bonificacións para rendas baixas e empresas creen emprego local.**

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles no concello no seu artigo 3 ten un tipo xeral do 0,50% para bens de natureza urbana. O goberno por Real Decreto Lei 20/2011 de medidas urxentes, en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit publico, que despois foi prorrogado pola lei 16/2013, incrementou o tipo, que é o agora vixente no concello do 0,60%. Nos pensamos, que é hora de voltar o tipo anterior ao 2012, é dicir ao 0,5% de forma xeral, pero pensamos que nalgúns casos cunha modificación de ordenanza, debería se ter especial sensibilidade con situacións persoais como rendas baixas, paro, etc.. e incluso tamén de bonificacións en caso de emprendimento que supoña emprego no concello. E dicir o artigo 4, debe incluír mais bonificacións. Coñecemos que o catastro, comezou o traballo de campo para a regularización catastral, o cal en todo caso ademais dos perxucios para algúns veciños que vai a supor o proceso, tamén sabemos que redundarán nun incremento dos ingresos no concello, xa que bens que non estaban regularizados comezarán de inmediato a pagar o imposto. Polo cal non pensamos supoña esta moción problemas para o incumprimento de la estabilidade orzamentaria.

POR TODO ISTO, O PARTIDO POPULAR DA GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SE PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:

Que o Concello da Guarda manteña o tipo base do 0,50% para bens inmobles que aparece na ordenanza actual, o cal suporá unha rebaixa do actual 0,6% ata o 0,5% no tipo para todos os veciños. Que inicie o procedemento para modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, para excepcións neste tipo base para rendas baixas asi como para empresas que creen emprego na localidade.”



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ABRESE O DEBATE

A sra. Ortega Martinez di que xa se debatiu este mesmo tema coa moción do BNG. Que ten claro que o Concello da Guarda vai manter o tipo base 0,5% pero ten dúbidas sobre que no se poidan facer unha excepción para as rendas baixas. Di que noutros concellos si que se fixeron estas excepcións por circunstancias familiares e que polo tanto vai manter a moción.

A sra. Magallanes Alvarez dille que, segundo a Lei, non se pode aprobar ningunha excepción ó 0,5% por nivel de renda.

A sra. Ortega Martinez di que se pode facer por familia numerosa.

A sra. Magallanes Alvarez di que a moción fala de rendas baixas, non de familias numerosas.

A sra. Ortega Martinez di que quere que se vote a moción.

A sra. Iglesias Ferreira di que non lle queda claro que é que van votar, porque o primeiro punto xa se cumpre e o segundo non se pode cumprir.

O sr. Lomba Alonso di que retiraron unha parte da súa moción porque se lle explicou esto mesmo e que lle sorprende que traian unha moción para a baixada do IBI cando foi o propio PP quen decidiu subilo.

A sra. Magallanes Alvarez di que non se pode votar algo que non é posible. Di que se fixo unha consulta ó respecto e lé a resposta que se deu a dita consulta.

A sra. Ortega Martinez di que vai manter a moción cambiando rendas baixas por familias numerosas.

O sr. Alcalde dille que non se pode facer este cambio porque cambia substancialmente o contido da moción.

A sra. Ortega Martinez di que retira a moción e que a presentará modificada para o próximo pleno.

- **RE nº 7.613 do BNG.- Moción para a promoción do ano 2016 como ano das Irmandades da Fala.**

O sr. Lomba Alonso da lectura da seguinte moción:

“Exposición de motivos,

Hai case cen anos, figuras históricas como a de Antón Vilar Ponte traballaban a prol da creación dunha organización que situase no primeiro termo a importancia do idioma galego. Así, o 18 de maio de 1916 nacíu na Coruña a Irmandade dos Amigos da Fala, posteriormente coñecida para a historia como Irmandades da Fala. Co obxectivo da defensa, o cultivo e a promoción da lingua do noso país, ao nacemento da Irmandade da Coruña seguiron o doutras localidades onde homes e mulleres comprometidas traballaron pola dignificación da nosa identidade.

A aparición e difusión das Irmandades supuxo un avance para a cultura de noso, situando a nación galega como o suxeito fundamental da produción cultural da época. Promoveron a



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

elaboración de gramáticas, dicionarios e estudos lingüísticos sobre a nosa fala, reivindicando tamén para ela aqueles espazos dos que tiña sido desterrada, desde a administración ao ensino.

No vindeiro 2016 cúmprese 100 anos dunha peza fundamental na configuración do que hoxe somos como pobo e cultura, por iso é fundamental garantir o compromiso das institucións públicas coa súa celebración, difundindo o coñecemento do seu legado histórico e apoiando a declaración oficial de 2016 como Ano das Irmandades da Fala.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

- 1. Consonte o acordo unánime do Parlamento de Galiza de 29 de abril de 2015, acórdase instar ao Goberno Galego a declarar 2016 "Ano das Irmandades da Fala", establecendo para iso un un programa de actividades conducentes a divulgar a toda a sociedade galega o coñecemento do encomiábel labor desta organización, animada polo propósito de traballar pola consecución dunha Galiza máis culta, libre, xusta e comprometida consigo mesma, e a dotar os fondos necesarios nos orzamentos da Xunta de 2016 para executar ese programa.*
- 2. Comprometemos ao noso Concello a colaborar coa administración pública e coas asociacións, organizacións, colectivos entidades da contorna para difundir a historia das Irmandades da Fala e o seu contributo ao traballo pola lingua e culturas galegas. "*

VOTACIÓN

Sométese a moción á votación sendo aprobada pola **UNANIMIDADE dos presentes**: Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**17 votos a favor**).

- **RE nº 7.646 do PSOE.- Con motivo do día Internacional contra a violencia de xénero.**

A sra. Vicente Baz le a seguinte moción:

*"De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de A Guarda desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**,*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Arredor de 800 mulleres foron asasinadas en España palas súas parellas ou ex parellas desde o ano 2003, cando comezaron a recompilarse estatísticas oficiais. Unha violencia ante a que non queremos permanecer impasibles porque para o PSdeG-PSOE, a igualdade entre mulleres e homes é un principio fundamental.

O noso compromiso contra a violencia de xénero é firme. Foi un Goberno Socialista o que aprobou a Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, que supuxo un revulsivo respecto da violencia de xénero en todos os seus aspectos e que se consolidou como modelo internacional. Unha lei recoñecida e premiada e que establece un sólido e completo marco legal para a prevención, protección, persecución e castigo da violencia por parte do compañeiro ou ex compañeiro sentimental. Unha lei que desenvolvemos e puxemos en marcha durante os anos de goberno.

O noso compromiso contra a violencia de xénero é permanente. Así, o 25 de novembro de 2014, ratificámolo declarando a toda a organización e todas e cada unha das súas agrupacións como "Espazo seguro e libre de violencia de xénero". Este verán, na Declaración do Consello Político Federal do 13 de xullo, a Declaración de Sevilla, volvémonos a comprometer cunha declaración na que se anunciaba que todos os nosos gobernos autonómicos priorizarán a loita contra a violencia de xénero cos orzamentos adecuados, políticas de prevención e recursos suficientes para a protección das mulleres vítimas e dos seus filias e filias.

No Foro de alcaldes e alcaldesas de Madrid do 23 de xuño, os concellos socialistas ratificaron o cumprimento de seis compromisos adquiridos coa cidadanía e por isa declararon que é un reto de abrigado cumprimento erradicar a violencia de xénero dos nosos municipios. Nesas seis prioridades subliñaron a contundencia dos concellos socialistas nas medidas contra a violencia de xénero e no desenvolvemento dunha rede de atención, asistencia e protección social que garanta ás mulleres en situación de violencia a súa seguridade e dereito a refacer as súas vidas.

Unha sociedade decente esixe avanzar cara a unha sociedade segura e libre de violencia de xénero, que garanta unha resposta efectiva ás mulleres que sofren violencia así como aos seus filias e filias.

Por todas estas razóns, un ano máis, atendemos ao chamamento de Nacións Unidas de conmemorar o 25 de novembro como Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as mulleres, e ratificamos o noso compromiso explícito de rexeitamento da violencia de xénero, ratificamos o noso compromiso de traballar até conseguir a súa erradicación. Ternos a convicción de que a tolerancia cero á violencia contra as mulleres debe ser un valor da sociedade no seu conxunto. É o noso compromiso, son os nosos valores.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Este ano, ante unha cita electoral, queremos denunciar unha lexislatura que termina e na que o Goberno do PP cos seus recortes e retrocesos malogrou catro anos da vida das mulleres vítimas, dos seus fillos e filias. Como sociedade fixéronnos perder moito tempo. E en igualdade, todo o que non se avanza retrocédese. Ademais das modificacións legais contrarias á igualdade, os orzamentos do PP ao longo desta lexislatura evidencian a escasa atención prestada polo Goberno Popular á violencia de xénero, cuestión que debería estar permanentemente na axenda política e sinalada como unha das cuestións de Estado prioritarias.

Así, o programa contra a Violencia de Xénero baixa o 10,92% respecto de 2009. O gasto para o programa específico en prevención da violencia de xénero para 2016 aumenta o 6% e ascende a 25.2 millóns de euros, o que queda lonxe dos 34,3 millóns cosque contaba en 2010. É dicir, a pesar do aumento que introduciron nuns orzamentos aprobados en vésperas das eleccións

xerais, nin sequera conseguen igualar as cifras de fai catro anos. O orzamento para igualdade e violencia para 2016 representa o 0,0103% do total. Ao que hai que engadir que só hai dous millóns de euros nos Orzamentos para 2016 destinados á atención ás vítimas de trata.

É tempo de solucións. No PSdeG-PSOE queremos consolidar un gran Acordo contra a violencia de xénero que ofrecemos a todas as forzas políticas. Unha sociedade decente esixe avanzar cara a unha sociedade segura e libre de violencia de xénero, que garanta unha resposta efectiva ás mulleres que sofren violencia así como aos seus fillos e filias, xerando e ofrecendo os mecanismos necesarios para conseguilo.

En primeiro lugar, hai que repor e dotar suficientemente as partidas orzamentarias, que se viñeron recortando nos últimos anos, especialmente os recursos destinados á prevención e á asistencia social das vítimas de violencia de xénero, dependentes tanto das Comunidades Autónomas, como dos servizos de proximidade dos concellos. Recursos que tamén eremos necesario que aumenten nos servizos máis próximos, polo que é importante crear un fondo de apoio aos concellos que alcance progresivamente nun prazo de catro anos os 100 millóns de euros para dar reforzo á rede de servizos públicos, impulsando o papel que desempeñan e deben seguir desempeñando os servizos sociais municipais e os centros da Muller.

Ademais dos orzamentos, un dos maiores problemas aos que nos enfrontamos na loita contra a violencia de xénero nestes momentos está relacionado coa xustiza. O número de denuncias é insuficiente. Todos os estudos indícanos que só se denuncia aproximadamente o 30% da violencia de xénero polo que o 70% queda impune. Ternos que loitar contra esa impunidade e ternos que conseguir que as vítimas teñan confianza na xustiza, que estean protexidas e que non teman perder aos seus fillos e filias, que non teman saír elas denunciadas, que non teman comezar un periplo sen saída nin final.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Por isa no Acordo que propomos, subliñamos a necesidade de pór en marcha nos Xulgados Especializados en Violencia de Xénero o Acompañamento Xudicial Personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento máis seguro no seu percorrido xudicial, desde o momento no que pon a denuncia até o final do proceso. Así tamén é importante o establecemento de protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero. Fai falta moito valor, moita coraxe para saír da violencia, para denunciar ao maltratador, para facerlle fronte. Cada retirada de denuncia é un fracaso da xustiza. Cada denuncia retirada é un éxito do maltratador na súa estratexia do medo, da coacción, da ameaza. A impunidade é gasolina para o motor da violencia que hai que eliminar.

Sabemos que a violencia de xénero é un fenómeno complexo, por tanto, os/as que se enfrontan a el teñen que estar especializados/as e recibir unha formación completa e rigorosa. Sabemos que existen fallos na percepción do risco e nos informes psicosociais. Sabemos que en numerosas ocasións se revictimiza ás mulleres polo que é necesaria a obrigatoriedade de formación específica na materia, impartida por unha institución acreditada previamente a ocupar o seu posto, tanto dos maxistrados á fronte de órgano xurisdiccional especializado, como de avogados, forenses e equipos psicosociais que interveñan nos xulgados especializados de violencia de xénero.

A educación é outra das nosas preocupacións. Se non rompemos os ciclos, a violencia de xénero pasará de xeración en xeración polo que é materia do Acordo tanto o Plan Nacional de Sensibilización e Prevención da Violencia de Xénero como o Plan integral para previr, protexer e reparar o dano a menores vítimas de violencia de xénero e especialmente, a incorporación ao currículo en todas as etapas educativas a formación específica en Igualdade, educación afectivo-sexual e de prevención da violencia de xénero.

Por último, tal como recomendaron tanto a CEDAW como Convenio do Consello de Europa sobre Prevención e Loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia Doméstica, estamos convencidos de que é o momento de ampliar a Lei Integral contra a violencia de xénero de maneira que estean recollidas nela todas as manifestacións da devandita violencia e non exclusivamente as que se producen en relacións de parella como ocorre neste momento.

*Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de A Guarda presenta para a súaconsideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**,*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Este Concello dedica un sentido e doloroso recordo á memoria de todas as mulleres asasinadas por violencia de xénero e expresa as súas condolencias ás súas familias e amizades. Tamén, a todos os menores, aos fillos e as filias dos maltratadores, vítimas á súa vez desta violencia, vítimas mortais incluso, convertidas en último exercicio de vinganza contra as súas nais.

De igual maneira, manifesta a súa repulsa a todas as manifestacións da devandita violencia, redobra o seu compromiso coas vítimas e declara a tolerancia cero cos maltratadores.

Este Concello comprométese a non reducir nin recursos, nin servizos, nin orzamentos para combater a Violencia de Xénero así como a:

1. Reclamar que os Concellos e entes locais recuperen expresamente as competencias en Igualdade e Violencia de xénero, coa consecvente dotación orzamentaria suficiente, igual que o resto das Administracións Públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, co obxecto de aplicar na súa integridade e de forma eficaz a Lei Orgánica 1/2004, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

2. Declararse municipio libre de violencia de xénero. Para iso, este muncrpro garantirá unha rede de atención social ás mulleres en situación de violencia e que lles axudará a buscar alternativas para recuperar a súa vida (dereitos laborais, políticas de formación, apoio ao emprego, vivencia, axudas sociais). Na devandita rede estarán incluídos os servizos de protección, información, asesoramento, acompañamento e acollida para mulleres en situación de violencia de xénero, os seus fillos e as súas filias.

Este Concello esixe ao Goberno Estatal que:

- Repoña e dote suficientemente as partidas orzamentarias, que se vmeron recortando nos últimos anos, especialmente os recursos destinados á prevención e á asistencia social das vítimas de violencia de xénero, dependentes tanto das Comunidades Autónomas, como dos servizos de proximidade dos concellos.*

- Estipule un fondo de apoio aos concellos para dar reforzo á rede de servizos públicos, impulsando o papel que desempeñan e deben seguir desempeñando os servizos sociais municipais e centros da Muller para o desenvolvemento e cumprimento da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e a Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.*

- Poña en marcha, nos Xulgados Especializados en Violencia de Xénero, o Acompañamento Xudicial Personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

e procedemento máis seguro, no seu percorrido xudicial desde o momento no que pon a denuncia até o final do proceso.

- *Estableza protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero.*

- *Active de forma permanente o Plan Nacional de Sensibilización e Prevención da Violencia de Xénero.*

- *Incorpore ao currículo a formación específica en Igualdade, educación afectivo-sexual e de prevención da violencia de xénero en todas as etapas educativas.*

- *Poña en marcha un Plan integral para previr, protexer e reparar o dano a menores vítimas de violencia de xénero.*

- *Estipule a obrigatoriedade de que tanto os maxistrados á fronte de órgano xurisdiccional especializado, como avogados, forenses e equipos psicosociais que interveñan nos xulgados especializados de violencia de xénero teñan certificado, previamente a ocupar o seu posto, formación específica na materia impartida por unha institución acreditada.*

- *Amplíe as disposicións preventivas, procesuais, punitivas e protectoras da lei de 2004 para abarcar, coas adaptacións necesarias, todas as formas de violencia contra a muller, tal como esixe a Recomendación Xeral nº 19 da CEDAW e o Convenio do Consello de Europa sobre Prevención e Loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia Doméstica (Convenio de Istambul), que España ratificou.”*

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que é unha moción moi ampla e que vai votar a favor.

A sra. Martínez Vázquez di que os concellos deben traballar neste campo para que as cuestións que se indican na moción non fiquen en papel mollado. Di que a labor do Concello este ano foi moi pobre.

A sra. Ortega Martínez di que lamenta que por parte do grupo de goberno se faga electoralismo coa morte de 48 persoas facendo mención ó parágrafo da moción que textualmente di “Este ano, ante unha cita electoral, queremos denunciar unha lexislatura que termina e na que o goberno do PP cos seus recortes e retrocesos malogrou catro anos da vida das mulleres vítimas, dos seus fillos e fillas”. Por esta razón di que nin siquera vai votar.

VOTACIÓN



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Sométese a moción á votación sendo aprobada cos **VOTOS A FAVOR** dos Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez VAzquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**12 votos a favor**).

Os seguintes concelleiros non realizan a votación polo que se considera que se absteñen: Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez,

PUNTO 15.- ROGOS E PREGUNTAS

A sra. Iglesias Ferreira fai os seguintes rogos e as seguintes preguntas:

1.- Di que na acta que veu a aprobación na sesión de hoxe hai unha pregunta dela que di “Que beneficios lle aporta ó Concello pertencer á Area Metropolitana de Vigo? e a resposta é “Moitos”. Di que lle parece mal este tipo de resposta.

O sr. Español Otero di que a concelleira ten a capacidade suficiente de análise para saber cales son os beneficios. Di que non tivo intención de ofendela.

O sr. Alcalde dille que efectivamente non lle parece a resposta adecuada e se a volve facer responderalle para o vindeiro pleno.

A sra. Iglesias Ferreira reitera a pregunta: Que beneficios lle aporta ó Concello pertencer á Area Metropolitana de Vigo?

Vigo é a cidade de referencia para a Guarda e a comarca do Baixo Miño. Dependemos de Vigo no eido sanitario. A universidade de Vigo é a que capta a maioría dos estudantes guardeses que continúan estudos superiores. En Vigo traballa tamén un bo número de veciños da Guarda. Alí van a maioría dos desprazamentos que se producen en transporte público fora da Guarda e seguramente tamén os que se desprazan en transporte privado.

A nosa integración nesta gran area metropolitana pode ser unha grande oportunidade para dispoñer de determinados servizos que agora non temos e para mellorar outros. A promoción económica e emprego, a planificación de infraestruturas, a mellora do transporte público e mobilidade a xestión dos residuos son algúns dos servizos dos que podemos vernos beneficiados. Unha area metropolitana integrada por 600000 habitantes que podería ter un ampla area fronteiriza se ao final se unen a ela os concellos de Tui, Tomiño, (Rosal), e A Guarda terá as condicións para captar fondos de cohesión europeos no período 2014-2020.

2.- En relación ó II Trail do Monte Santa Trega quere saber en que termos colabora o Concello. Está convocada protección Civil para este acontecemento?

O sr. Crespo Gonzalez di que Protección Civil está convocada e que o Concello colabora con voluntarios, coa propia Protección Civil e con persoal.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

3.- Lamenta a deficiente convocatoria para o minuto de silencio polas vítimas dos atentados de París.

O sr. Alcalde di que non se convocou á corporación municipal, que só se convocou ós traballadores.

4.- Tomouse algunha medida en relación co requerimento de Medio Ambiente por un verquido na praia do Carreiro?

O sr. Español Otero di que se recibiu un requerimento e o Concelo ten 30 días para responder.

5.- Teñen coñecemento de irregularidades no cumprimento do contrato por parte da adxudicataria da Escola Infantil Municipal? Di que xa presentou varios escritos e non se lle contestou.

O sr. Español Otero di que se lle contestará por escrito despois de consultalo cos técnicos do Concello.

O sr. Alcalde di que cando a secretaria iniciou a súa baixa estaba con este tema. Agora están recuperando os documentos que conforman o expediente e cando teñan algo llo facilitarán.

A sra. Iglesias Ferreira di que existe un informe da Secretaria que dí que hai que iniciar un expediente disciplinario e non se fixo nada. Agora adxudicouse o servizo a mesma empresa e parece que se fan oídos sordos a este tema.

O sr. Alcalde dille que non ten datos para responderlle neste momento. Di que este expediente estaba de man da Secretaria e que non lle seu orde ó actual secretario para continualo.

6.- Existe algún problema coa wifi na zona da Guía?

O sr. Alcalde di que non o sabe e que haberá que preguntarllo ó técnico informático do Concello.

O sr. Rodríguez Fariñas di que presentará as preguntas por escrito pero pide que se cambie a lámpara da entrada da Guardería. Tamén di que espera que a empresa que organiza o II Trail do Monte Santa Trega teña contratado un seguro de responsabilidade civil. Recorda que hai un escrito da Comunidade de Montes que di que se se cobra non dan autorización.

O sr. Español Otero di que as preguntas hai que presentalas no propio acto.

O sr. Baz Vicente fai os seguintes rogos e preguntas:



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

1.- Na campaña de Nadal houbo negocios que recibiron unha circular co número de conta e outros non, cal foi o motivo? Por que á hostalería, supermercados, perruquerías, etc... non se lles pasou?

2.- Hai redactado un novo proxecto para Concepción Arenal e Manuel Álvarez? Solicitamos copia.

De momento, non está rematada a redacción do proxecto de Concepción Arenal.

3.- O tramo da rúa Calvario que se vai reformar, entre os números 18, 20 e 22, o piso vai ser finalmente en pedra ou en formigón?

Despois da suxestión feita polo seu grupo estase a valorar a posibilidade de pavimentalo en pedra.

4.- Cal é o estado do proxecto da rampla do Pirún? Está redactado? Solicitamos copia do mesmo. Lembramos que este paso leva demasiadas semanas interrompido.

Estase a redactar o proxecto, tan pronto como estea rematado no temos ningún inconveniente en que o vexan, tanto vostedes como os restantes grupos.

5.- O alumeado público segue con deficiencias graves e o o horario de acendido é tardío, hai un espazo de tempo no que o pobo está alumeado só polas luces de comercios e casas.

Non consideramos que o alumeado público teña deficiencias graves. É certo que hai algúns lugares puntuais nos que está fallando. Este tema está en mans do electricista. Créanos que o equipo de goberno quere resolver estas deficiencias o antes posible.

6.- Con respecto á reciclaxe de baterías, aluminio, cobre, etc... Solicitámoslle por escrito no seu momento copias dos albaráns de entrega e non se nos facilitou.

7.- Tamén solicitamos por escrito copias das liñas de subvencións polas que se solicitaron axudas para o G.E.S., documentación que tampouco se nos facilitou.

Non nos consta que ata o momento exista ningunha liña de subvencións específica para o GES.

O único que se asinou foi un convenio para a cesión ao concello da Guarda dun equipo detector de gases para os GES. Tamén lles remitimos a Emerxencias de Galicia un listado de material demandado polos integrantes deste servizo para que nos tiveran en conta no programa ARIEM 112. Esperemos que no futuro si se cree esa liña a que vostede fai referencia.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

8.- Despois da adxudicación do servizo de mantemento de xardíns a unha nova empresa. Cando vai comezar o servizo? Cantos traballadores vai subrogar a empresa?

A empresa adxudicataria do servizo de xardíns renunciou a asinar o contrato. Nestes intres non temos contrato con ningunha empresa. A intención do concello é extinguir o servizo o tempo que sexa necesario para volver a convocar unha nova adxudicación.

A sra. Ortega Martinez fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Sabemos que houbo unha reunión con Portos, onde se acordou que se convocaría una segunda reunión aquí na Guarda coa presenza dos hosteleros, Portos e Concello, tal e coma nós pedíramos nunha moción, para lograr un consenso co fin de que se acabe coa inseguridade vial na Rúa do Porto. Que pasos deu o alcalde para convocala? No queremos que chegue a época estival e volten a producirse as aglomeracións de tódolos anos.

O sr. Alcalde di que están a esperar para ser convocados. Nestes intres, fixouse a data de 12 de xaneiro para unha reunión en Pontevedra.

2.- Nesa reunión con Portos, ofrecéuselle ao Concello firmar un convenio para que a policía local pudesen exercer a súa autoridade no Porto de A Guarda, onde todo o mundo sabe e protesta porque proliferan as infraccións? Iso que propuxo Portos non é unha medida novedosa, pois está en vigor en moitos portos de Galicia. Pódenos explicar o Sr. Alcalde por que non aceptou acabar por fin con este problema?

DI que se lle ofreceu ó Concello que a Policía Local multara e que cobraran eles. Que el lle preguntou se no podían enviar personal e dixerónlle que non, que teñen moitos gastos.

3.- Retiramos unha moción sobre as casetas de información turística coa promesa que se debatirían na mesa de turismo que se iba a crear. Sorpréndenos que neste pleno non haxa unha proposta para a súa aprobación, podería dicirnos en que pleno vai a suceder isto? É fundamental planificar o Turismo para a temporada 2016 con tempo, aproveitando o incremento de turistas que está recibindo a provincia.

A sra. Magallanes Alvarez di que se están rematando os traballos de redacción do regulamento da Mesa de Turismo. En canto teña os informes pertinentes traerase a pleno.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

4.- Seguindo co Ges, díxosenos no pleno, e déusenos a razón á importancia que ten unha boa rapidez na liña de Internet, para a resposta nunha emerxencia, e que se ía a solucionar. Según as nosas informacións, que xa foron comprobadas, non se puxo aínda ningunha liña fixa de alta velocidade, senon una tarxeta de móvil. Pensamos que así non se garantiza a rapidez de resposta nunha emerxencia. O servizo de emerxencias de A Guarda require una liña a.d.s.l. ou de fibra, e cos megas suficientes, para que o contacto co programa da Dirección Xeral de Emerxencias, estea garantizado. Isto sábeo ben o noso alcalde, responsable ademáis da concellería de Novas Tecnoloxías.

O sr. Español Otero di que se comprobará.

Pedimos unha liña fixa con ADSL a telefónica para a sede dos GES. A empresa manifestou problemas dado que non hai instalación na propia sede e porque ten que levar liña ata alí. A solución que propuxeron foi conectar a internet a través dunha liña mobil. Ao principio houbo problemas con esta liña conectarlle unha ADSL. Nestes momentos os problemas están resoltos e a conexión a internet está funcionando con normalidade segundo as últimas consultas feitas a telefónica.

5.- Gostaríanos coñecer os custes en recursos a sentencias durante o ano 2014-2015, tanto en abogado como en costas? Con que criterio se recorre e quen o decide? A nuestra pregunta vai no sentido de que se se chega a sentencia firme, cuando realmente durante o proceso xudicial e a sentencia en primeira instancia son obvias as dificultades para cambialas, en algunhas ocasións pode ser desaconsexable seguir si os costes se incrementan e as indemnizaciones hay que pagalas igual.

Para coñecer os custos que solicita debe dirixirse ao departamento de intervención. Os criterios para recorrer son particulares en cada caso. A persoa que decide en última instancia recorrer unha sentencia é o Alcalde.

6- Xa no pleno anterior solicitáramos unha marquesiña en Rúa Donantes de Sangre á altura con Transversal Rias. Como non sabemos nada do tema, volvemos a reiterar que os alumnos que van no autobús escolar de esa zona, ante as inclemencias do tempo no teñen onde resguardarse. É agora neste tempo cando a necesitan.

Esperamos poder instalala en breve.

7.-Xa en ocasións anteriores manifestamos que o estado dos parques infantís como o de Julia Vaquero, Fedorento, O Palomar, A Armona parécenos lamentable, pero neste caso queremos preguntar que pasou cos columpios do Parque da Armona que desapareceron? Estanse a reparar?

Retiráronse os elementos do parque da Armona porque estaban en malas condicións.

8.- Nas redes sociais estamos vendo continuamente fotos de bolsas e material de desfeito que debía ser depositados no Punto Limpio, pero que se deposita nas



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

súas inmediateiros. Por suposto, condenamos este tipo de actuacións por parte de quen as realice, pero tamén nos preguntamos si o horario é o adecuado, sobre todo os sábados, día que a xente que traballa aproveita para facer estes depósitos. Consideramos que se debe estudar se o Punto Limpio está funcionando adecuadamente no tema dos horarios. Tamén sabemos que as Forzas de Seguridade do Estado, cursaron denuncia por elo, e que este concello recibiu unha notificación da Xunta. Poderíamos saber en que consiste e se hai sanción?

O sr. Español Otero di que o horario do Punto Limpio é o máis amplo da zona pero que o incivismo dalgunhas persoas provoca este tipo de feitos. De momento estase a tramitar o expediente que esperamos non conleve sanción algunha.

9.- O pasado día 12 de novembro, o Equipo de Goberno do concello de A Guardia, atopábase fora do consistorio. Algún veciño, en concreto un de Salcidos, quixo que se le atendera por un problema, e non puido ser atendido, ya que ningún dos que teñen dedicación se encontraba. Gustaríanos saber que xestións estaban realizando para o Concello?

O sr. Alcalde dille que estaban apoiando á unha amiga que estaba pasando un mal momento. Di que volvería a ir e que o Concello ten que funcionar sen o Alcalde. E dille á Concelleira que estas preguntas son malas para todos os concelleiros porque levanta a sospeita de que son uns vagos.

10.- Os usuarios da piscina municipal teñen seguro ante un accidente?

O sr. Rodriguez Gonzalez dille que existe un seguro de responsabilidade civil.

11- Como defendeu ante a Deputación os intereses dos clubs deportivos guardeses que deixan de ter subvención nominativa, cando acabamos de saber que para Vigo sí van todo tipo de subvencións?

A sra. Magallanes Alvarez di que se manteñen as subvencións. Os clubs deportivos guardeses que compitan a nivel nacional van ter a oportunidade de concorrer ás liñas de subvención da Deputación.

12.- Como defendeu os intereses de A Guarda ante a Deputación o noso alcalde cando hai un acordo histórico para Vigo en cifras e infraestruturas, por suposto en detrimento dos concellos pequenos coma o noso, que somos quenes necesitamos da Deputación, pois para eso foi concebido este organismo?

O sr. Español Otero di que, por moi mal que lles atendan no futuro na Deputación, é imposible que o fagan peor que nos últimos anos.

O sr. Alcalde di que preguntou na Deputación cantos cartos de libre disposición do Presidente viñeron para A Guarda o que lle responderon que 0 euros. Preguntou tamén se había máis concellos nesta situación e lle dixeron que só Silleda.

A sra. Ortega Martinez pregunta se presentaron proxectos.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

O Alcalde di que sí que se presentaron proxectos.

13.- Na rúa de Rosentes, utilizada por moita xente para sair da praia urbana de Arena Grande, prodúcen se problemas de seguridade polo continuo paso de coches, sobre todo no verán. Un é a velocidade. Se non se coloca un badén reductor de velocidade (á altura do nº43 podería ser unha boa ubicación pola mala visibilidade desa curva), seguirán existindo estes riscos, que en calquera momento van a producir un atropelo dun veciño desta rúa cando sala tranquilamente do seu portal, como xa foi denunciado en agosto e repetido en novembro. Como se isto fora pouco, na intersección entre a rúa antes chamada Judela (ahora Rosentes), a rúa Rosentes e a estrada PO-552, non hai nin unha señal pintada de "ceda o paso". Como é unha intersección de tres viais sin unha señal, xa produciu un accidente non fai moitos días, afortunadamente non grave. O que nos sorprende é que non se produzan mas accidentes co mal sinalizado que está, e que poidan ser bastante máis graves. Rogamos sinalicen correctamente este punto.

O sr. Rodriguez Gonzalez responde que lle pediu a persoa que se reunira con el porque necesítase a autorización para colocar o badén.

14.- Gustaríanos conocer cales foron as xestións do noso Alcalde en Bruxelas e como van a repercutir no noso Concello.

O Alcalde estivo en Bruxelas para coñecer mellor o funcionamento das institucións europeas e recibir información das liñas de subvención e financiamento que dispón Europa para as entidades locais, e comunidades autónomas. Tamén tivo a oportunidade de coñecer determinados plans que xestionan as comunidades autónomas dos que non tiña información dende a Xunta de Galicia.

E non habendo máis asuntos que tratar o sr. Presidente levanta a sesión ás 01:50 minutos do día 28 de novembro de 2015.